

AXENDA SOCIAL ÚNICA DE GALICIA 2021-2024



XUNTA
DE GALICIA

 fegamp

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Política Social

FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS

(FEGAMP)

En colaboración coas entidades de iniciativa social:

Rede Galega contra a Pobreza (EAPN- Galicia)

Cruz Vermella en Galicia

Cáritas de Galicia

ONCE en Galicia

Santiago de Compostela, decembro de 2021

Axenda Social Única de Galicia

2021-2024

Xunta de Galicia

Federación Galega de Municipios e Provincias

Contido

INTRODUCIÓN	7
1. TRAZOS DA SITUACIÓN DA VULNERABILIDADE, POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA	9
2. MARCO PROGRAMÁTICO DE REFERENCIA.....	13
3. PRINCIPIOS E OBXECTIVOS DA AXENDA	13
4. VIXENCIA E RENOVACIÓN.....	15
5. POBOACIÓN DESTINATARIA.....	15
6. AXENTES IMPLICADOS.....	16
7. MEDIDAS.....	17
8. GOBERNANZA.....	57
9. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO.....	61
10. ORZAMENTO.....	62
ANEXO. CADRO DE INDICADORES	66

Índice de táboas

<i>Táboa 1: Evolución da taxa AROPE desde o ano 2016.....</i>	10
<i>Táboa 2. Risco de pobreza e/ou exclusión social por idades e para menores de 18 anos.....</i>	11
<i>Táboa 3. Porcentaxe de fogares que dispoñen de ordenador e conexión a internet. Galicia. Anos 2016 e 2020.....</i>	13

INTRODUCCIÓN

No ano 2016, a Xunta lanzou a Axenda Social Única de Galicia co obxectivo de reforzar, con novas medidas, a coordinación dos esforzos das administracións na loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia, e incrementar, así, a eficacia da acción pública, en colaboración coas entidades de iniciativa social.

A Comunidade Autónoma de Galicia e as corporacións locais galegas comparten competencias en materia de servizos sociais conforme ás disposicións xerais vixentes. Era clave, neste sentido, fomentar a colaboración entre os dous niveis de administración. Ademais, cabía reforzar o desenvolvemento da Estratexia Galega de Inclusión Social, con medidas concretas para responder ás demandas emerxentes que se detectaban desde a Administración e trasladaba a iniciativa social.

Transcorridos xa cinco anos desde a sinatura do acordo de desenvolvemento entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP - en nome dos concellos-, e a Rede Galega contra Pobreza (EAPN- Galicia), e cun 96% de medidas completadas, a Axenda Social Única precisaba da súa renovación. Esta renovación supón, polo momento no que se realiza, unha oportunidade de constituír unha fronte común entre os poderes públicos en Galicia e destes coas entidades sociais, para abordar os impactos sociais e económicos da crise do COVID-19 nas persoas e familias galegas.

Polo tanto, a Axenda Social Única de Galicia asume, na súa renovación, dous desafíos. O primeiro é constituírse nun instrumento clave para unir esforzos no proceso de recuperación que se inicia tras superar a situación de emergencia sanitaria -aínda que non a situación pandémica-, con especial orientación cara as persoas e familias que, a consecuencia dela, viron agravada a súa vulnerabilidade e o risco de pobreza e exclusión social. O segundo desafío, de igual importancia, é continuar a ser un marco de coordinación reforzada, cunha resposta mellorada e actualizada ás necesidades que presenta a poboación que xa se atopaba nesas situacions con anterioridade á crise do COVID-19, e que con moita probabilidade experimentaron no transcurso destes meses a intensificación dos seus factores de exclusión.

Concretamente, traballouse nas seguintes claves principais:

- Incrementar o compromiso e implicación dos axentes implicados, que supuxo un maior número de axentes e a ampliación e a intensificación dos ámbitos de intervención (rural, educativo, emprego...).
- Reforzar os mecanismos de gobernanza da Axenda Social Única, promovendo a activación de todos os grupos creados no seu marco, implicándoo no seu seguimento e avaliación, e establecendo fórmulas que aseguren a eficacia de desenvolvemento da Axenda.

- Reformular obxectivos de alcance e adoptar medidas para dotar á Axenda dun maior carácter estratéxico.

O resultado deste traballo materialízase neste documento. Trátase dun documento elaborado pola Xunta de Galicia e a FEGAMP, e participado polas entidades de iniciativa social da Axenda: a Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia), Cáritas de Galicia, Cruz Vermella e ONCE en Galicia. Elas contribuíron achegando información sobre as necesidades sociais detectadas e traballando intensamente na formulación de propostas de actuación. As entidades son referentes para a poboación porque traballan nun nivel de proximidade, coñecen ben a realidade social, exercen a representación dos intereses da poboación para o exercicio efectivo dos seus dereitos e crean redes que fortalecen a comunidade.

Este documento comeza cunha breve referencia á situación actual, diferente da que partía a primeira edición da Axenda Social Única. Os seguintes apartados, o segundo e o terceiro, refiren o seu marco programático de referencia, e os principios e obxectivos da Axenda. Máis adiante, os apartados do cuarto ao sexto, informan da vixencia e renovación, a poboación destinataria e os axentes que se implican na promoción e desenvolvemento das medidas comprendidas no séptimo apartado do documento.

As medidas comprendidas na axenda suman un total de 93, clasificadas en tres bloques. O primeiro deles corresponde con aquelas dirixidas a promover o acceso a servizos que se ofertan nas diferentes esferas de desenvolvemento vital das persoas e grupos. O segundo bloque é o de medidas con enfoque específico a determinados factores de vulnerabilidade. E o terceiro e último bloque agrupa as medidas para a mellora da planificación, xestión e coordinación que levan a cabo as administracións públicas, de reforzo do Terceiro sector, ademais doutras para a innovación e mellora do coñecemento.

A Axenda Social Única incorpora novos contidos, como a gobernanza, que ocupa o oitavo apartado, e o seguimento anual e avaliación intermedia e final, que ocupa o noneno e o único anexo que integra, onde se mostra o cadre de indicadores.

O último apartado, o décimo, recolle a táboa de orzamento anual das medidas da Axenda Social cuxo desenvolvemento está previsto para o exercicio corrente.

A Axenda Social Única de Galicia é un documento aberto e flexible. Esta versión renovada está suxeita a revisións futuras que melloren a calidade do documento, e á incorporación de novas medidas ou axustes nas xa incorporadas que incrementen as posibilidades de acadar os seus obxectivos.

1. TRAZOS DA SITUACIÓN DA VULNERABILIDADE, POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA

Desde a primeira edición da Axenda Social Única de Galicia, no ano 2016, a situación da pobreza e a exclusión social en Galicia ten evolucionado en dúas etapas, ata o 2019 -a denominada prepandémica-, e a postpandémica -a partir do ano 2021-, e en dúas direccións, no que a datos estatísticos dispoñibles se refire. Estes datos publicados o Instituto Galego de Estatística (IGE), a través da Enquisa Conxuntural a Fogares, e o Instituto Nacional de Estadística (INE), a través da Enquisa de Condicións de Vida. Ambas as dúas recollen e presentan datos de pobreza e exclusión en Galicia. Os primeiros toman de referencia a poboación e fogares de Galicia, e os segundos se miden respecto dos valores medianos da poboación e fogares que revela o conxunto do Estado.

Táboa 1: Evolución da taxa AROPE desde o ano 2016.

	ENQUISA ESTRUTURAL A FOGARES, INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA		ENQUISA DE CONDICIÓNDS DE VIDA, INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA		
	IGE 2016	IGE 2019 ¹	INE 2016	INE 2019	INE 2020
TAXA DE RISCO DE POBREZA OU EXCLUSIÓN SOCIAL (AROPE)	20,33	18,83	25,4	24,3	25,7
Variación desde 2016	-1,5		-1,1		+0,3
Porcentaxe de poboación en risco de pobreza	16,06	15,23	19,0	20,00	22,1
Variación desde 2016	-1,37		+1,0		+3,1
Porcentaxe de poboación con carencia material severa	5,28	3,75	4,2	3,60	5,2
Variación desde 2016	-1,53		-0,6		+1
Porcentaxe de poboación (de 0 a 59 anos) que vive en fogares con baixa intensidade no traballo	10,47	8,24	13,8	11,9	8,5
Variación desde 2016	-2,23		-3,4		-5,3

Fonte: Elaboración propia partir da Enquisa de Condicións de Vida, 2020 (INE) e a Enquisa Estrutural a Fogares, 2019 (IGE)

Os datos de pobreza e exclusión social indicaban, no ano 2019, que en Galicia se consolidaba un proceso de recuperación socioeconómica, especialmente evidenciado por unha maior participación laboral. Non obstante, esa maior ocupación da poboación activa non acababa de redundar nunha redución da taxa de pobreza económica, máis ánda se tomamos de referencia a mediana de ingresos medios

¹ Os datos de pobreza e exclusión social publicados o Instituto Galego de Estatística, a través e o Instituto Nacional de Estadística, a través da Enquisa de Condicións de Vida. Os últimos datos dispoñibles da Enquisa Estrutural a Fogares datan de 2019.

equivalentes do conxunto dos fogares do Estado, e xa non só de Galicia, que sinalaban un repunte da pobreza.

Os primeiros datos sobre os impactos da pandemia, recollidos na Enquisa de Condicóns de Vida, 2020 do INE, reflecten o retroceso na situación de pobreza e exclusión social ao ano 2015, derivada da escaseza de recursos económicos ou das dificultades para cubrir as necesidades básicas, se ben a un 2,7% das persoas aféctanllas ambas as dúas.

Os datos más actuais revelan que, en España, a pandemia afectou dun xeito notable ao grupo de poboación de maior idade, ao incrementarse nun 30% o número de persoas en pobreza e/ou exclusión social. Outro grupo no que tamén impactou foi no formado por menores de 16 anos, que rexistra a taxa de risco máis alta de toda a poboación: un 31,2%.

Táboa 2. Risco de pobreza e/ou exclusión social por idades e para menores de 18 anos.

	ENQUISA DE CONDICÓNDS DE VIDA, INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA			POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL NA INFANCIA E ADOLESCENCIA (Menores de 18 anos)	
	2016	2019	2020	INE 2016	INE 2020
Menos de 16 anos	31,7	30,1	31,2	Risco de pobreza e/ou exclusión	32,9 31,1
De 16 a 24 anos	37,6	31,7	30,3	Pobreza económica	29,7 27,4
De 25 a 49 anos	27,1	24,7	25,6	Carencia material	7,1 9,0
De 50 a 64 anos	30,5	26,2	26,4	En fogar con baixa intensidade laboral	11,6 7,2
De 65 ou máis anos	14,4	15,7	20,5		
TOTAL	27,9	25,3	26,4		

Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Condicóns de Vida, 2020 (INE)

Se ben a pobreza e exclusión social reduciuse levemente no período 2016-2020 para o grupo de poboación máis nova, áinda segue a afectar a tres de cada dez menores de idade no conxunto de España. O dato de incidencia para Galicia era do 21,52% en 2019, 8,6 puntos menor (21,52%). Neste sentido, o IGE facíase eco dunha incidencia maior, dun 18%, segundo os fogares teñan ou non menores a cargo: un 20,61 e 17,41 por cento, respectivamente. Dentro dos fogares con menores a cargo, os monoparentais son novamente os que rexistran maior risco: un 46,41% en 2019, tras reducirse tres puntos desde o 2016. En Galicia, no 2019 había un total de 118.128 fogares deste tipo, o que representa o 11% do total de fogares galegos.

A feminización da pobreza volve visibilizarse tras os primeiros anos de recuperación: desde o 2016 ata 2020, as mulleres reduciron 0,29 puntos (de 15,82 ao 15,53%) a porcentaxe de risco de pobreza económica, mentres que os homes fixéreron en 1,4 puntos (de 16,31 ao 14,91%).

Atendendo á nacionalidade, o risco ou situación de pobreza e exclusión social afecta a catro de cada dez persoas estranxeiras de orixe nun país da Unión Europea, e a case seis persoas de cada dez de orixe extracomunitaria en España no ano 2020. En Galicia, con datos a 2019, a poboación estranxeira vulnerable é o 55%.

Máis alá das fontes institucionais de información estatística, os rexistros das bases de datos da Consellería de Política Social revelan unha diminución das solicitudes da Renda de Inclusión Social de Galicia- RISGA e as Axudas de Inclusión Social- AIS no ano 2020. Entre 2016 e 2019 (antes da pandemia), a poboación beneficiaria de RISGA reduciuse case un 10% (de 10.761 a 9.783). O ano da pandemia reduciuse un 8% máis este volume, a consecuencia do traslado da demanda de RISGA ao recurso emerxente do Ingreso Mínimo Vital, do que, no mes de xuño de 2021, beneficiábanse 33.753 persoas, en 13.938 fogares.

Así mesmo, o número de solicitudes e persoas beneficiarias das Axudas de Inclusión Social (AIS) ven diminuíndo desde o ano 2016. Nese ano un total de 2.879 persoas beneficiáronse das AIS e, nos anos seguintes, o número caeu ata 2.804 persoas, no 2019, e ata 2.718 no ano 2020. Neste último ano, lanzáronse desde as Administracións públicas outras medidas de contención e abordaxe da emerxencia social xurdida con motivo da pandemia, priorizando a axilidade no acceso.

Os tempos medios de tramitación para as solicitudes da RISGA e da AIS, sen ter en conta os períodos nos que a tramitación dos expedientes se paraliza por requirimentos de documentación necesaria para a súa resolución, foron de 54 e 84 días, respectivamente, no ano 2020.

No relativo á poboación en situación de dependencia, os últimos datos publicados polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO), no último ano aumentaron en 1.640 as persoas nesta situación, ata acadar as 63.322 persoas no primeiro semestre de 2021. Os datos do seu documento Análise explicativa das Estatísticas mensuais do Sistema para a autonomía e atención á dependencia², o 73% deste total son persoas cunha dependencia de graos II e III, e o restante 27% son de Grao I.

En data 30 de xuño do 2021, Galicia, cun 6,10 % de persoas pendentes de recibir prestación do Sistema de Atención á Autonomía e Dependencia (SIAAD), é a quinta comunidade autónoma cunha porcentaxe menor de persoas pendentes de recibir a prestación; alcanzando a media nacional o 16,58%.

Por outra banda, o cambio da normalidade derivado da irrupción da pandemia afectou aos de hábitos de mobilidade e de presencialidade como fórmulas principais de prestación de servizos. En consecuencia, acentuouse a fenda dixital xa existente: ben por non dispoñer dos dispositivos informáticos adecuados ou carecer deles, por

² https://www.imserso.es/InterPresent2/groups/imserso/documents/binario/estssiaad_compl20210630.pdf

dificultades de acceso á Rede, e/ou ben por carecer das destrezas necesarias. As dificultades, ademais, atopáronse no acceso ao exercicio dos dereitos e recursos públicos durante e despois do Estado de Alarma³.

En consecuencia aumentou a desigualdade provocada pola falta de autonomía dixital, que afectou especialmente a unha parte da poboación escolar e universitaria á que lle suprimiron as clases presenciais, ás persoas con discapacidade, e ás persoas maiores; e persoas pertencentes a grupos vulnerables.

En Galicia, estímase que, no 2020, un 70% dos fogares dispoñían de ordenador e conexión a Internet, tras ter mellorado tres puntos desde o ano 2016. Non obstante, esta porcentaxe presenta variacións interprovinciais importantes, ademais de diferencias por razón de criterios de ingresos mensuais do fogar.

Táboa 3. Porcentaxe de fogares que dispoñen de ordenador e conexión a internet. Galicia. Anos 2016 e 2020.

Provincia	Ano 2016	Ano 2020
A Coruña	67,2 %	70,1 %
Lugo	57,6 %	58,4 %
Ourense	56,2 %	56,6 %
Pontevedra	64,8 %	67,1 %

Fonte: Enquisa Estrutural a Fogares. Vivendas familiares: características e medio, 2020.(IGE)

Segundo o INE⁴, no referido unicamente ás vivendas con algún tipo de ordenador ou equipamento informático, as porcentaxes sitúanse no 72,1% do total dos fogares, pero este dato baixa a un 44% cando se restrinxen a aqueles con ingresos inferiores a 900 euros.

En conexión co anterior, as razóns, segundo datos do INE en 2019, e que cita EAPN no seu informe *Brecha digital: el ejercicio de nuestros derechos en tiempos de confinamiento*, un 29,5% dos fogares galegos non dispoñían de acceso a internet porque os custos do equipo son demasiado caros; un 25,7%, porque os costos de conexión resultan demasiado elevados; e un significativo 52%, porque teñen poucos coñecementos para utilizalo.

A pesar do anterior, cabe destacar un importante aumento dos fogares con acceso a internet nos últimos anos: entre o 2016 e o 2020, os fogares galegos con Internet nos que residen a lo menos unha persoa entre 16 e 74 anos, pasaron dun 78,7 a un 92,4%;

³ EAPN España (2020): Informe *Brecha digital: el ejercicio de nuestros derechos en tiempos de confinamiento*. En DOCUMENTO-FINAL-fenda-dixital-v2.pdf (eapn-galicia.com)

⁴ Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías de información e comunicación nos hogares, 2020 (INE). En [Instituto Nacional de Estadística. \(National Statistics Institute\) \(ine.es\)](http://Instituto Nacional de Estadística. (National Statistics Institute) (ine.es))

acerándose, deste xeito, á media nacional, situada no 95,4% dos fogares, segundo o INE⁵.

Por último, en Galicia, continúase a traballar na implantación da banda larga e pola mellora da calidade de acceso a Internet. Non obstante, no ano 2020, un 13,93% dos fogares galegos (un total de 148.860) tiña un acceso deficiente⁶.

2. MARCO PROGRAMÁTICO DE REFERENCIA

A Axenda Social Única de Galicia constitúe un marco reforzado de coordinación que se integra estrateticamente nas políticas autonómicas de inclusión social. Estas políticas concretánsen no sucesivos marcos de planificación vixentes desde o ano 2001.

Neste momento, continúa desenvolvéndose a Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020, mentres se preparan as bases dunha futura que se desenvolverá no período 2021-2027, con horizonte 2030.

3. PRINCIPIOS E OBXECTIVOS DA AXENDA

Como se referiu con anterioridade, a Axenda Social Única de Galicia representa un marco de coordinación e cooperación reforzada entre dous niveis de Administración pública. Polo tanto, un dos principios que rexen é o de **coordinación, colaboración e cooperación interadministrativa**, recollido no artigo 103 da Constitución Española e que a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público incorpora no seu artigo 3 como un dos principios xerais que rexen o funcionamento das Administracións públicas.

Máis alá do anterior, a coordinación constitúe tamén un dos principios xerais que rexen os Servizos Sociais -cuxa competencia na Administración autonómica corresponde á Consellería de Política Social-, e así queda así recollido no artigo 4 da Lei 13/2008, de Servizos Sociais de Galicia:

⁵ Ídem.

⁶ Enquisa estrutural a fogares. Vivendas familiares: características e medio. Ano 2020. Instituto Galego de Estatística (IGE).

"Promoverase a creación e o desenvolvemento de instrumentos e mecanismos de relación interadministrativa que garantan unha actuación coordinada no campo do benestar social e a igualdade, tanto por parte dos diferentes departamentos do Goberno galego que desenvolvan políticas públicas que incidan no benestar social, como polo resto de administracións públicas e entidades integradas no sistema, sexan de carácter público ou privado."

Nesta última parte da literalidade do texto legal, a Lei refire ás entidades integradas no sistema, como son as entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais, representadas entre os axentes implicados no desenvolvemento da Axenda Social Única de Galicia. Precisamente a **participación** representa outro dos principios que guían a reformulación do documento para o período 2021-2024.

A axenda, por outra banda, avanza nos principios de **integralidade da intervención**, abordando a vulnerabilidade desde unha oferta de resposta más ampla, tamén desde diferentes ámbitos que se suman respecto da anterior versión do documento; e de **globalidade**, en canto que incorpora e promove o desenvolvemento de medidas cunha perspectiva global e de conxunto.

O principio de **equidade e reequilibrio territorial** é outro daqueles que rexen o Sistema de Servizos sociais en Galicia e que se incorpora nesta nova versión da axenda, con medidas orientadas de xeito específico ao medio rural

O obxectivo principal da Axenda Social Única de Galicia, é reforzar a coordinación interadministrativa e desta co Terceiro sector social a través de medidas que abordan as necesidades sociais da poboación que precisa de apoios para mellorar a súa calidade de vida, nomeadamente a través da súa autonomía ou da súa inclusión social ou sociolaboral.

De xeito concreto, a Axenda Social proponse os seguintes obxectivos:

- Promover o exercicio dos dereitos de acceso efectivo aos servizos sociais, de emprego, saúde, vivenda, educación, entre outros, especialmente nas persoas e grupos de poboación en risco ou situación de vulnerabilidade.
- Reforzar a atención dos factores de vulnerabilidade e exclusión concretos, tanto en clave preventiva como para reducir a incidencia nas persoas e familias afectadas.
- Impulsar a mellora cualitativa das Administracións públicas, a través da innovación e a eficacia no seu funcionamento.

- Consolidar unha fórmula de cooperación entre axentes implicados e de colaboración con outros que operan parcial ou totalmente na consecución do obxectivo principal.

4. VIXENCIA E RENOVACIÓN

No ano 2016, cando se acordou o desenvolvemento da Axenda Social Única de Galicia, non se estableceu un período de vixencia máis alá da renovación anual, que se realizou de forma automática ata acadar a realización do 96% das medidas comprendidas na súa versión inicial.

A versión renovada da Axenda Social Única de Galicia, terá unha vixencia de catro anos comprendidos no período 2021-2024. Asume, así, un traballo cos impactos socioeconómicos da pandemia de plena actualidade, e nos meses posteriores a superala, nos que os esforzos terán que ir necesariamente máis alá da contención e orientarse cara unha recuperación completa.

5. POBOACIÓN DESTINATARIA

A poboación destinataria da Axenda Social Única é a cidadanía galega, en xeral.

Non obstante o anterior, numerosas medidas comprendidas neste documento diríxense ás persoas en risco ou situación de pobreza e/ou exclusión social, nos termos que se establecen no artigo 3 da Lei 10/2013, de Inclusión Social de Galicia. Dentro desta poboación, no corpo da Axenda Social identifícanse grupos concretos aos que se dirixen medidas específicas, tales como infancia ou persoas sen fogar.

Ademais, sen estar necesariamente vinculada á pobreza ou á exclusión social, a Axenda Social comprende medidas dirixidas específicamente a aquela poboación que require de apoios específicos por razón das súas circunstancias, como son as mulleres vítimas de violencia de xénero ou as persoas en situación de dependencia.

Por outra banda, outras medidas agrúpanse con perspectiva territorial. Son as orientadas a promover un rural incluído e inclusivo. Sen prexuízo de que sexan persoas individuais as beneficiarias finais, estas medidas buscan dinamizar social e economicamente estas áreas e a mellora da calidade de vida de quen reside nelas.

6. AXENTES IMPLICADOS

Xunta de Galicia, cos seguintes departamentos e organismos:

Presidencia da Xunta de Galicia

 Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica (AMTEGA)

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Turismo

 Dirección Xeral de Administración Local

Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

 Dirección Xeral de Enerxía e Minas

 Instituto Galego do Consumo e da Competencia

Consellería de Facenda e Administración Pública

 Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

 Instituto Galego de Vivenda e Solo

Consellería de Emprego e Igualdade

 Secretaría Xeral de Igualdade

 Dirección Xeral de Emprego, Traballo autónomo e Economía Social

 Dirección Xeral de Formación e Colocación

Consellería de Cultura, Educación e Universidade

 Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional

Consellería de Política Social

 Dirección Xeral de Inclusión Social

 Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización demográfica

 Dirección Xeral de Maiores e Persoas con discapacidade

 Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria

Consellería do Medio Rural

 Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural

Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)

Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia)

CRUZ VERMELLA en Galicia

CÁRITAS de Galicia

FUNDACIÓN ONCE en Galicia

7. MEDIDAS

As medidas que se integraron no documento na súa versión do ano 2016 xa foron, en numerosos casos, executadas, e por iso cabe integrar novas medidas, ademais de manter as que merecen continuidade.

As medidas da Axenda Social Única de Galicia suman un total de 93, e clasíficanse en tres bloques, e coa seguinte distribución:

A.-	MEDIDAS DIRIXIDAS A PROMOVER QUE AS PERSOAS E GRUPOS EN RISCO OU SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE FAGAN EFECTIVO O SEU ACCESO AOS SERVIZOS PARA O EMPREGO, EDUCACIÓN, VIVENDA, SAÚDE, SOCIAIS, CULTURAIS, DE PARTICIPACIÓN SOCIAL E COMUNITARIA, ENTRE OUTROS, EN ARAS A PROMOVER O EXERCICIO DOS SEUS DEREITOS EN CADA UN DESTES ÁMBITOS	44
A.1	Medidas de atención á infancia e adolescencia en vulnerabilidade ou pobreza	9
A.2	Medidas para un mercado laboral inclusivo	12
A.3	Medidas de acción comunitaria, voluntariado e inclusión social	4
A.4	Medidas para un rural incluído e inclusivo	14
A.5	Medidas de promoción da educación e alfabetización dixital para a inclusión	5
B.-	MEDIDAS ORIENTADAS A ATENDER FACTORES DE VULNERABILIDADE E EXCLUSIÓN CONCRETOS, TANTO EN CLAVE PREVENTIVA COMO DIRIXIDAS A REDUCIR A SÚA INCIDENCIA NAS PERSOAS E FAMILIAS AFECTADAS	31
B.1	Medidas de abordaxe da pobreza enerxética	4
B.2	Medidas de apoio á renda	10
B.3	Medidas de atención á dependencia	3
B.4	Medidas de inclusión residencial	10
B.5	Medidas de abordaxe da violencia de xénero	4
C.-	OUTRAS MEDIDAS DE CARÁCTER XERAL E PARA A MELLORA CUALITATIVA DAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E O SEU FUNCIONAMENTO	18
C.1.	Medidas para a mellora da planificación e xestión dos Servizos Sociais	10
C.2.	Medidas de reforzo da coordinación e a cooperación interadministrativa	2
C.3	Medidas de reforzo do Terceiro sector prestador de servizos sociais en Galicia	1
C.4	Medidas de colaboración con outros axentes	1
C.5	Medidas para a innovación e mellora do coñecemento	4

A

Medidas dirixidas a promover que as persoas e grupos en risco ou situación de vulnerabilidade fagan efectivo o seu acceso aos servizos para o emprego, educación, vivenda, saúde, sociais, culturais, de participación social e comunitaria, entre outros, en aras a promover o exercicio dos seus dereitos en cada un destes ámbitos

A.1**MEDIDAS DE ATENCIÓN Á INFANCIA E ADOLESCENCIA EN VULNERABILIDADE OU POBREZA****A.1.1****ELIMINACIÓN DO CÓMPUTO DE INGRESOS PARA A PERCEPCIÓN DA RISGA DA PENSIÓN DE ALIMENTOS A MENORES EN UNIDADES MONOPARENTAIS**

<i>Descripción</i>	Medida de exención dos ingresos de prestacións de alimentos a menores da totalidade de ingresos que rexistra a unidade solicitante ou perceptora da RISGA
<i>Destinada a</i>	Fogares monoparentais con menores nos que a persoa sustentadora principal é solicitante ou perceptora da RISGA.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social

2021 2022 2023 2024

A.1.2**PROGRAMA DE INTERVENCIÓN COA INFANCIA E A SÚA FAMILIA CAIXAPROINFANCIA**

<i>Descripción</i>	Programa cun enfoque integral, que realiza actuacións tendentes a mellorar a situación dos/as menores en situación de pobreza e vulnerabilidade social e das súas familias nas sete cidades principais galegas.
<i>Destinada a</i>	Familias con nenos/as e adolescentes de entre 0 e 18 anos situación de pobreza económica relativa ou severa.
<i>Responsable</i>	Fundación La Caixa -Consellería de Política Social (Dirección Xeral de Inclusión Social)

2021 2022 2023 2024

A.1.3**EXTENSIÓN DA UNIVERSALIZACIÓN E GRATUIDADE DA EDUCACIÓN INFANTIL 0-3**

<i>Descripción</i>	Promoción dunha dotación suficiente de prazas e os recursos para facer efectivas as posibilidades de acceso, permanencia e promoción de toda a poboación infantil a esta etapa educativa, preferentemente en centros públicos.
<i>Destinada a</i>	Nenos/as de entre 0 e 3 anos.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización demográfica

2021 2022 2023 2024

A.1.4**CREACIÓN DO REXISTRO DE FAMILIAS MONOPARENTAIS GALEGAS**

<i>Descripción</i>	Creación do rexistro de familias monoparentais, determinando os requisitos e os medios de acreditación da dita condición que dará acceso como beneficiarias do plan de apoio ás familias monoparentais que a Xunta de Galicia promoverá coa finalidade de mellorar a atención e a cobertura das súas necesidades.
<i>Destinada a</i>	Familias monoparentais empadroadas nalgún dos municipios galegos.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización demográfica

2021 2022 2023 2024

A.1.5**MANTENIMENTO DO APOIO Á PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ EN COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS**

<i>Descripción</i>	Apoio financeiro aos concellos para o desenvolvemento de accións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e á súa contorna, para responder ás necesidades de carácter transitorio ou permanente que presentan nenos e nenas con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía.
<i>Destinada a</i>	Poboación infantil de 0 a 6 anos.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con discapacidade

2021 2022 2023 2024

A.1.6**AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR**

<i>Descripción</i>	Convocatorias diversas de axudas para a cobertura de gastos asociados á escolarización: <ol style="list-style-type: none"> 1) Fondo Solidario de libros de texto: asignación de libros polos centros educativos ao alumnado con garantía de catro a seis mínimo, en función da renda das familias. 2) Axudas para a adquisición de material escolar, en función da renda das familias. 3) Axudas á adquisición de libros de texto (para aquellas ensinanzas e cursos nos que os materiais non son reutilizables), en función da renda das familias.
<i>Destinada a</i>	Alumnado matriculado en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Educación Especial en centros docentes sostidos con fondos públicos e que cumpran os requisitos establecidos para cada liña de axuda.
<i>Responsable</i>	Consellería de Cultura, Educación e Universidade

2021 2022 2023 2024

A.1.7**PROGRAMAS DE FOMENTO DO ÉXITO ESCOLAR E PERMANENCIA NA ESCOLA**

<i>Descripción</i>	<p>Concrétanse dous programas:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) Programa Arco, de apoio aos centros para o fomento do éxito escolar, a prevención do absentismo e abandono escolar temperá. 2) Programa PROA+, de cooperación territorial para a orientación, avance e enriquecemento educativo na situación de emerxencia educativa do curso 2020-2021 provocada pola pandemia, en colaboración co Ministerio de Educación e Formación Profesional.
<i>Destinada a</i>	<p>Arco: centros docentes públicos (CEIP, CEP, IES, CPI). Alumnado de 4º, 5º, 6º de Educación Primaria e de 1º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria.</p> <p>Proa+: centros docentes financiados con fondos públicos con altos índices de absentismo, risco de fracaso escolar, desconexión da escola..., agravados durante a suspensión do período lectivo presencial no curso 2019-2020.</p>
<i>Responsable</i>	Consellería de Cultura, Educación e Universidade

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

A.1.8**PROGRAMA DE FOMENTO DE HÁBITOS SAUDABLES DIRIXIDOS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA/ADOLESCENCIA**

<i>Descripción</i>	A Dirección Xeral de Saúde Pública, en colaboración cos centros de saúde e das entidades de iniciativa social especializadas, implantará un programa de fomento de hábitos saudables no que se inclúa formación e outras ferramentas para a adquisición de hábitos saudables relacionados coa alimentación, actividade física, hixiene, benestar emocional e prevención de adiccións.
<i>Destinada a</i>	Familias, infancia e adolescencia.
<i>Responsable</i>	Consellería de Sanidade- Dirección Xeral de Saúde Pública

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

A.1.9**PROGRAMAS DE INTERESE XERAL PARA FINS DE CARÁCTER SOCIOSANITARIO NO ÁMBITO DOS TRASTORNOS MENTAIS**

<i>Descripción</i>	Subvención para a realización de programas desenvolvidos por entidades de iniciativa social dirixidos, nomeadamente, ás persoas con depresión e risco de suicidio, con trastornos mentais na primeira e última etapas da vida (infancia e vellez), con trastornos do neurodesenvolvemento e ás que experimentan trastornos psicolóxicos secundarios a situacións catastróficas.
<i>Destinada a</i>	Persoas problemas de saúde mental.
<i>Responsable</i>	Consellería de Sanidade- Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

A.2**MEDIDAS PARA UN MERCADO LABORAL INCLUSIVO****A.2.1****AXILIZACIÓN DO RECOÑECIMENTO DA SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PARA OPTAR ÁS MEDIDAS DE ACCIÓN POSITIVA PREVISTAS NAS POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO**

<i>Descripción</i>	No ámbito das políticas activas de emprego incorpóranse medidas de acción positiva a favor de grupos de poboación afectados por determinados factores que os sitúan en desvantaxe no acceso e permanencia no mercado laboral. Un destes grupo confórmano as persoas desempregadas en situación de vulnerabilidade ou exclusión. A valoración técnica da situación persoal ou familiar de risco de exclusión social, requirida para este acceso, corresponde a los Servizos Sociais comunitarios. Se ben hai procedementos que axilizan este recoñecemento ás persoas perceptoras da RISGA, cabe desenvolver un procedemento que o axilice para quen, na mesma situación que as anteriores, non accede á prestación por carecer dos requisitos.
<i>Destinada a</i>	Pessoas demandantes de emprego que non perciben a RISGA e participan en procesos de inclusión sociolaboral no marco de programas financiados pola Consellería de Política Social.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social
	2021 2022 2023 2024

A.2.2**DESENVOLVEMENTO DUNHA NOVA FERRAMENTA DE ANÁLISE AVANZADA PARA A MELLORA NA DETECCIÓN DE NECESIDADES NO MERCADO LABORAL GALEGO**

<i>Descripción</i>	Mediante pautas de coordinación entre axentes que operan ou estudan o mercado laboral galego, detectaranse e coñeceranse periodicamente as necesidades que este presenta. Deste xeito, e a través da nova ferramenta de analítica avanzada e intelixencia artificial que se vai implantar no Servizo Público de Emprego de Galicia, determinarase unha oferta formativa axustada aos perfís profesionais cuxa carencia se evidencie.
<i>Destinada a</i>	Poboación xeral.
<i>Responsable</i>	Consellería de Emprego e Igualdade -Dirección Xeral de Formación e Colocación
	2021 2022 2023 2024

A.2.3**PROGRAMAS DE EMERXENCIA SOCIAL E PARA A INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN XITANA, INMIGRANTE E OUTRAS PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN NOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS**

<i>Descripción</i>	A través dunha orde de axudas ás corporacións locais, cofinanciada con Fondo Social Europeo, a Xunta de Galicia manterá o apoio ás Corporacións locais no desenvolvemento de programas dirixidos á atención da emerxencia social e programas xerais e específicos de apoio á inclusión sociolaboral de persoas e grupos de poboación de elevada vulnerabilidade.
<i>Destinada a</i>	Comunidade xitana, persoas inmigrantes e persoas en risco de exclusión.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

A.2.4**PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE SERVIZOS SOCIAIS DE INCLUSIÓN SOCIAL DAS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL**

<i>Descripción</i>	Apoio económico ás entidades de iniciativa social para o mantemento da actividade dos centros de inclusión e emerxencia social dos que son titulares, aos programas e actuacións de inclusión que se desenvolven no ámbito dos servizos sociais comunitarios, e ás accións dirixidas á integración social das persoas inmigrantes das que son promotoras. A medida está cofinanciada polo Fondo Social Europeo.
<i>Destinada a</i>	Persoas en risco ou situación de exclusión social.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

A.2.5**AMPLIACION DOS PLANS DE FORMACIÓN DUAL E ADAPTACIÓN DESTES Á ESTRUTURA PRODUTIVA GALEGA**

<i>Descripción</i>	Trátase de aumentar as persoas que se cualifican profesionalmente a través dun réxime de alternancia de actividade laboral nunha empresa coa actividade formativa nun centro educativo. Neste proceso búscase, ademais, que as ensinanzas profesionais se adecúen ás necesidades do mercado laboral.
<i>Destinada a</i>	Persoas de 18 ou máis anos que cumpran os requisitos establecidos nesta modalidade de Formación Profesional.
<i>Responsable</i>	Consellería de Cultura, Educación e Universidade

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

A.2.6**AXUDAS ÁS ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA**

<i>Descripción</i>	Medida de promoción da empregabilidade das persoas perceptoras da RISGA a través da creación de oportunidades para adquirir experiencia laboral nos concellos de Galicia. Para iso, estes contarán con axudas dirixidas a subvencionar específicamente esta contratación, durante un período de ata nove meses, para que desenvolvan actividades de obras ou servizos de interese xeral e utilidade social.
<i>Destinada a</i>	Persoas perceptoras da RISGA.
<i>Responsable</i>	Consellería de Emprego e Igualdade- Dirección Xeral de Emprego
	2021 2022 2023 2024

A.2.7**PROGRAMA DE POSTA A PUNTO PARA O EMPREGO DIRIXIDO A PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA**

<i>Descripción</i>	Axudas ás entidades sen ánimo de lucro para desenvolver un programa de preparación para o emprego das persoas perceptoras da RISGA ou que formen parte dunha unidade de convivencia beneficiaria da RISGA.
<i>Destinada a</i>	Persoas perceptoras da RISGA e/ou convivientes.
<i>Responsable</i>	Consellería de Emprego e Igualdade- Dirección Xeral de Emprego
	2021 2022 2023 2024

A.2.8**PROGRAMAS PARA FAVORECER A INCORPORACIÓN LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE OU EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN**

<i>Descripción</i>	Impulsaranse os seguintes programas: <ol style="list-style-type: none"> 1) Programa Emprega Discapacidade e Exclusión, de incentivos á contratación, formación e emprego con apoio, a través dos Bonos de contratación, de formación e de emprego con apoio. 2) Programa de formación dual para persoas con discapacidade intelectual nos centros especiais de emprego. Trátase dun proxecto piloto de 3 anos para aumentar a súa empregabilidade, a través da capacitación e a obtención de certificados de profesionalidade ou acreditacións parciais acumulables.
<i>Destinada a</i>	Persoas con discapacidade.
<i>Responsable</i>	Consellería de Emprego e Igualdade- Dirección Xeral de Emprego

2021 2022 2023 2024

A.2.9**AXUDAS PARA A PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO E PROFESIONAL**

<i>Descripción</i>	Axudas para a creación e consolidación do emprego autónomo mediante incentivos á contratación indefinida inicial de persoas desempregadas por parte de autónomas/os ou profesionais, a través de dous programas: un de axudas á promoción do emprego autónomo, financiado polo Fondo Social Europeo; e outro de axudas a traballadores/as autónomos/as por ter contratado de xeito indefinido a persoas asalariadas.
<i>Destinada a</i>	Persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais.
<i>Responsable</i>	Consellería de Emprego e Igualdade- Dirección Xeral de Emprego

2021 2022 2023 2024

A.2.10**AXUDAS PARA A CONCILIACIÓN POR MATERNIDADE OU PATERNIDADE DA PERSOA TRABALLADORA AUTÓNOMA**

<i>Descripción</i>	Axudas para favorecer a conciliación da vida persoal e laboral e facilitar a continuidade do proxecto empresarial, a través do Bono concilia e o Bono gardería.
<i>Destinada a</i>	Persoas traballadoras por conta propia ou autónomas que, unha vez finalizado o período de suspensión da súa actividade por nacemento dun fillo ou filla, contraten unha persoa para o seu coidado.
<i>Responsable</i>	Consellería de Emprego e Igualdade- Dirección Xeral de Emprego

2021 2022 2023 2024

A.2.11**PROMOCIÓN DA INICIATIVA DE DESENVOLVEMENTO ENTRE OS CONCELLOS DE PROXECTOS DE EMPREGO E AUTOEMPREGO PARA PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL**

<i>Descripción</i>	Recomendación aos concellos para que establezcan liñas de apoio técnico e económico para a realización de proxectos de emprego e autoemprego a nivel local.
<i>Destinada a</i>	Persoas en risco de exclusión social.
<i>Responsable</i>	FEGAMP

2021 2022 2023 2024

A.2.12**IMPULSO DA CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL, PERSOAL E FAMILIAR**

<i>Descripción</i>	Promoción entre os concellos da implantación de novas medidas que permitan a conciliación corresponsable da vida laboral, persoal e familiar, que consoliden o desenvolvemento de políticas efectivas para que homes e mulleres poidan facer compatibles estes ámbitos nas súas vidas, e poñan á disposición das familias recursos que lles permitan compatibilizar o desempeño profesional cos labores de atención e coidado das fillas e fillos e persoas dependentes.
<i>Destinada a</i>	Poboación xeral.
<i>Responsable</i>	Xunta de Galicia e FEGAMP

2021 2022 2023 2024

A.3**MEDIDAS DE ACCIÓN COMUNITARIA,
VOLUNTARIADO E INCLUSIÓN SOCIAL****A.3.1****PROGRAMAS DE FOMENTO DA ACCIÓN VOLUNTARIA NA COMUNIDADE ESCOLAR**

<i>Descripción</i>	Programas enmarcados dentro do Plan Proxecta, para iniciar na cultura do voluntariado ao alumnado non universitario. Parte deles están promovidos pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea: "Activistas polo mundo que queremos" e "Educación en dereitos da infancia e cidadanía global"; e outros promóvenos a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado xunto con UNICEF Galicia: "Rede de centros escolares solidarios", "Correspondentes xuvenís", "Pasaporte solidario" e "Voluntariado miúdo".
<i>Destinada a</i>	Alumnado de primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e/ou Bacharelato.
<i>Responsable</i>	Consellería de Cultura, Educación e Universidade

2021 2022 2023 2024

A.3.2**PROGRAMAS COMUNITARIOS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E DA CONCILIACIÓN**

<i>Descripción</i>	Trátase de dous programas dirixidos á comunidade: <ol style="list-style-type: none"> 1) Sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres. 2) Promoción de programas locais e de acción comunitaria de conciliación da vida persoal, laboral e familiar e de fomento da igualdade entre mulleres e homes. No 2021 o orzamento aumentará de 800.000 a 1.475.000 €, os límites das axudas solicitadas por un concello pasaron de 12.000 a 15.000 € e o das compartidas de 22.000 a 28.000 €; e flexibilízase o prazo para que o concello teña solicitada a validación por parte da SXI das medidas de conciliación.
<i>Destinada a</i>	Mulleres en situación de especial vulnerabilidade, vítimas de violencia de xénero e/ou toda a poboación.
<i>Responsable</i>	Consellería de Emprego e Igualdade- Secretaría Xeral de Igualdade

2021 2022 2023 2024

A.3.3**CREACIÓN DUN SISTEMA DE PREVENCIÓN E ATENCIÓN DA SOIDADE NON DESEXADA**

<i>Descripción</i>	Impulsarase en todo o territorio galego un sistema de detección precoz de persoas en situación de soidade non desexada; que facilite unha atención personalizada, respectando as preferencias delas; e contribúa á reconstrución dos vínculos persoais que complementen o envellecemento activo, coa participación de todos os axentes implicados.
<i>Destinada a</i>	Persoas que se atopen en risco ou en situación de soidade non desexada.
<i>Responsable</i>	Xunta de Galicia, FEGAMP, Universidades e Terceiro Sector.

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

A.3.4**FOMENTO DO VOLUNTARIADO DIXITAL (VOLDIX)**

<i>Descripción</i>	O programa complementa as actuacións de alfabetización e capacitación dixital da Rede CeMIT, incorporando as novas tecnoloxías á vida cotiá das persoas en risco de exclusión dixital e guiándoas no aprendizaxe das TIC.
<i>Destinada a</i>	Cidadanía en xeral e colectivos en risco de exclusión dixital.
<i>Responsable</i>	Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica (AMTEGA) e FEGAMP

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

A.4**MEDIDAS PARA UN RURAL INCLUÍDO E INCLUSIVO****A.4.1****AMPLIACIÓN DO NÚMERO DE CASAS DO MAIOR NO ÁMBITO RURAL ATA ACATAR MÁIS DE 80 CASAS**

<i>Descripción</i>	Axudas para a posta en marcha de experiencias piloto de atención a persoas maiores de 60 anos dependentes (grao I e II) e persoas maiores sen dependencia, como recursos de promoción da autonomía persoal, mediante o establecemento de Casas do Maior en concellos galegos, e con preferencia a aqueles con poboación inferior a 5.000 habitantes.
<i>Destinada a</i>	Persoas maiores.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con discapacidade

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

A.4.2**EXTENSIÓN DE REDES DE BANDA LARGA ULTRARRÁPIDA EN ENTIDADES SINGULARES DE POBOACIÓN**

<i>Descripción</i>	Subvención a operadores de telecomunicacións para a extensión de fibra óptica en 614 poboacións de zonas rurais con máis de 70.000 habitantes beneficiados/as, en execución de 2018 a 2021.
<i>Destinada a</i>	Poboación xeral.
<i>Responsable</i>	Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica (AMTEGA)

	2021	2022	2023	2024
--	------	------	------	------

A.4.3**EXTENSIÓN DE REDES DE TELEFONÍA MÓIL EN NÚCLEOS RURAIS E ILLADOS**

<i>Descripción</i>	Subvención a operadores de telecomunicacións para o despregamento de redes de telefonía móvil en núcleos de poboación que non contaban con esta cobertura.
<i>Destinada a</i>	Poboación xeral.
<i>Responsable</i>	Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica (AMTEGA)

	2021	2022	2023	2024
--	------	------	------	------

A.4.4**BONIFICACIÓNS NO TRANSPORTE EN XERAL E PARA AS FAMILIAS EN PARTICULAR**

<i>Descripción</i>	O Plan de Transporte Público de Galicia establece distintos descontos que fomentan o uso recorrente do autobús. Por unha banda, están os bonos mensuais de viaxes, con descontos do 50 e o 75 por cento; e pola outra, as persoas usuarias poden beneficiarse do uso da Tarxeta de Mobilidade Galega (TMG) para aboar os billetes, cun desconto do 10 por cento. Dende abril do 2021, está activa en toda Galicia unha nova bonificación, implantada para o pagamento coa tarxeta TMG. A través dela increménțase o desconto en función do número de viaxes realizadas cada mes entre os mesmos dous concellos, ou dentro dun deles. Esta rebaixa é do 25 por cento a partir das 20 viaxes e do 50 por cento cando as viaxes son máis de 40). Ademais, está previsto estender a toda Galicia os descontos dos que xa gozan as familias numerosas nos ámbitos de transporte metropolitano (20 por cento as de categoría xeral e 50 por cento as de categoría especial).
<i>Destinada a</i>	Poboación xeral, con especial atención ás familias numerosas.
<i>Responsable</i>	Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

	2021	2022	2023	2024
--	------	------	------	------

A.4.5**TARXETA XENTE NOVA**

<i>Descripción</i>	A tarxeta facilita ás persoas menores de 21 anos viaxar gratis nas Áreas de Transporte Metropolitano, nos 13 concellos da área de Pontevedra e en toda a provincia de Ourense. No 2021 culminará a extensión da tarxeta a toda Galicia para que tamén poidan viaxar de balde no transporte da Xunta en todo o territorio galego.
<i>Destinada a</i>	Persoas menores de 21 anos.
<i>Responsable</i>	Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

A.4.6**AXUDAS PARA A PROMOCIÓN E MELLORA DA HABITABILIDADE DE VIVENDAS**

<i>Descripción</i>	As axudas distribúense en tres programas: 1) Reparación de infravivendas en concellos de menos de 10.000 habitantes, sufragando o 95 por cento do custo cun máximo de 15.000 euros. 2) Reconstrucción de vivendas en núcleos rurais para dinamizar o rural e promover a conservación da tipoloxía arquitectónica tradicional. 3) Rehabilitación de edificacións e vivendas de titularidade municipal para destinalas ao alugueiro social en concellos de menos de 20.000 habitantes.
<i>Destinada a</i>	Concellos de menos de 10.000 habitantes (programa 1). Persoas propietarias de vivendas en núcleos rurais (programa 2). Concellos de menos de 20.000 habitantes (programa 3).
<i>Responsable</i>	Instituto Galego da Vivenda e Solo

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

A.4.7**MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS RURAIS, ESPECIALMENTE OS CAMIÑOS POR ONDE TRANSITA A POBOACIÓN RURAL E OS QUE DAN ACCESO ÁS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS**

<i>Descripción</i>	Desenvolver actuacións de mellora das infraestruturas do rural, co fin de facilitar a mobilidade da poboación residente.
<i>Destinada a</i>	Poboación galega no medio rural.
<i>Responsable</i>	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)- Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

A.4.8**IMPLANTACIÓN DA MEDIDA LEADER DO PLAN DE DESENVOLVEMENTO RURAL 2014-2020
DE MELLORA NOS SERVICIOS Á POBOACIÓN RURAL**

<i>Descripción</i>	Medida orientada á mellora da calidade de vida e á xeración de oportunidades de emprego no ámbito rural a través da promoción de actividades economicamente viables no territorio.
<i>Destinada a</i>	Persoas que viven e/ou desenvolven a súa actividade no medio rural.
<i>Responsable</i>	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)- Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural

2021 2022 2023 2024

A.4.9**PROXECTO PILOTO HORTA: CAPACITACIÓN LABORAL NA AGRICULTURA ECOLÓXICA**

<i>Descripción</i>	O Proxecto Horta está orientado a mellorar a empregabilidade das persoas en situación de vulnerabilidade e dificultades de acceso ao mercado de traballo a través da formación en horticultura. Esta formación realizarase nun espazo axeitado e destinado especificamente ao proxecto no Municipio de Ferrol; e, ademais da formación, prevese o establecemento de circuitos de comercialización local dos produtos producidos. No seu deseño e posta en marcha cooperan as Consellerías de Política Social e do Medio Rural e unha entidade de iniciativa social.
<i>Destinada a</i>	Persoas en risco ou situación de exclusión social.
<i>Responsable</i>	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)- Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social

2021 2022 2023 2024

A.4.10**ACTUACIONES DE DESENVOLVEMENTO DA LEI DE RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DE TERRAS AGRARIAS**

<i>Descripción</i>	A actuación consiste no impulso e elaboración dunha norma que permita que permita sacar do abandono ás terras infrautilizadas e o desenvolvemento de establecer actividades económicas rendibles no territorio, favorecendo así as posibilidades de emprego no rural e loitar contra o despoboamento no ámbito rural.
<i>Destinada a</i>	Poboación galega.
<i>Responsable</i>	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)- Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural

2021 2022 2023 2024

A.4.11**SUBVENCIÓNS PARA A POSTA EN MARCHA DE LABORATORIOS COOPERATIVOS NO RURAL**

<i>Descripción</i>	Medida dirixida á dinamización da economía local, que consistirá inicialmente na identificación de oportunidades de negocio no territorio e, posteriormente, na selección dun grupo de persoas interesadas en iniciar unha actividade económica nun determinado sector a través da constitución dunha cooperativa ou sociedade laboral. Este grupo recibirá formación específica nesa área de actividade, así como asesoramento e acompañamiento co fin de que poidan constituir a súa empresa de economía social. Ademais, as cooperativas ou sociedades laborais que se creen, logo de participar nun "laboratorio", terán acceso a axudas para os gastos de constitución e gastos correntes durante o primeiro ano de actividade.
<i>Destinada a</i>	Grupo de persoas interesadas en iniciar unha actividade económica, nun determinado sector, e baixo fórmulas de economía social, en localidades rurais.
<i>Responsable</i>	Consellería de Emprego e Igualdade- Dirección Xeral de Emprego

	2021	2022	2023	2024
--	------	------	------	------

A.4.12**IMPULSO DE MEDIDAS PARA EVITAR A EXCLUSIÓN FINANCIERA**

<i>Descripción</i>	Accións para facilitar o acceso aos servizos financeiros por parte das persoas que residen en ámbitos territoriais con risco de exclusión financeira, nomeadamente as de carácter rural. Estas levaranse a cabo pola Xunta de Galicia, en colaboración coa FEGAMP e as entidades financeiras, e permitirán dispoñer dun caixeiro automático nestas áreas e, ademais, acceder a servizos de asistencia financeira e formación en banca electrónica.
<i>Destinada a</i>	Persoas que viven e/ou desenvolven a súa actividade no medio rural.
<i>Responsable</i>	Consellería de Facenda e Administración Pública e FEGAMP

	2021	2022	2023	2024
--	------	------	------	------

A.4.13**AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DA VIVENDA**

<i>Descripción</i>	Programa de axudas para a adquisición de vivendas por persoas menores de 35 anos, en concellos de menos de 5.000 habitantes.
<i>Destinada a</i>	Persoas menores de 35 anos con ingresos inferiores 3 veces o IPREM.
<i>Responsable</i>	Instituto Galego de Vivenda e Solo

	2021	2022	2023	2024
--	------	------	------	------

A.4.14**PREMIOS Á DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA**

<i>Descripción</i>	Premios instituídos para impulsar e difundir as iniciativas das entidades locais que, de maneira individual ou conxunta, teñan por obxecto o impulso e revitalización demográfica do seu ámbito territorial, en seis ámbitos (apoio as familias, retorno e atracción de nova poboación...).
<i>Destinada a</i>	Concellos de Galicia de menos de 20.000 habitantes de xeito individual ou mediante agrupación de concellos, mancomunidades de concellos ou consorcios locais de Galicia.
<i>Responsable</i>	Dirección Xeral de Administración Local

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

A.5**MEDIDAS DE PROMOCIÓN DE EDUCACIÓN E ALFABETIZACIÓN DIXITAL PARA A INCLUSIÓN****A.5.1****PROXECTO IN-CONECTA (Inclusión social telemática)**

<i>Descripción</i>	Proxecto piloto de base solidaria dirixido a promover o acceso efectivo aos medios electrónicos e, a través destes, aos servizos e apoios que precisan ou reforzan o seu proceso de inclusión social. De xeito concreto, crearase unha plataforma de oferta e demanda de dispositivos obxecto de reciclaxe e reacondicionamento. Estes dispositivos distribuiranse, de xeito prioritario, a persoas en itinerarios de inclusión, coa finalidade de facilitar o acceso a servizos sociais, de formación e emprego, así como a outros telemáticos, entre os que se inclúen os servizos de Administración electrónica. Complementariamente, e como reforzo, adquiriranse 300 dispositivos novos.
<i>Destinada a</i>	Persoas en itinerarios de inclusión sociolaboral e persoas menores en escolarización obligatoria das que son responsables.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

A.5.2**AXUDAS PARA A CONEXIÓN DIGITAL DOS FOGARES EN VULNERABILIDADE ECONÓMICA CUXOS MEMBROS PARTICIPAN EN PLANS EDUCATIVOS OU EN PROCESOS DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL**

<i>Descripción</i>	Achega de pagamento único para uso finalista no provisionamento dun servizo de internet e wifi doméstica, mediante a regulación dunha nova tipoloxía de Axuda de Inclusión Social.
<i>Destinada a</i>	Fogares con ingresos que non superen o 125% do importe do tramo persoal e familiar da RISGA que lles correspondería segundo a configuración da unidade de convivencia, sempre que nela residan menores estudantes ou adultos/as participantes en procesos de inclusión sociolaboral promovidas por Administracións públicas ou entidades de iniciativa social co apoio financeiro da Xunta de Galicia. Promoveranse acordos coas operadoras de servizos de telefonía e datos para o establecemento de medidas que promovan a conectividade dos fogares con baixos ingresos.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

A.5.3**PROGRAMAS DE ALFABETIZACIÓN DIXITAL E DE COMPETENCIAS CLAVE**

<i>Descripción</i>	Apoio económico ás entidades locais e ás entidades de iniciativa social para a realización de accións de formación adaptada relacionadas coa alfabetización e adquisición de coñecementos básicos dixitais e a formación en competencias clave e a preparación para as probas.
<i>Destinada a</i>	Persoas en risco ou situación de exclusión social con baixa cualificación.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

A.5.4**ALFABETIZACIÓN E CAPACITACIÓN DIXITAL NA REDE DE CENTROS PARA A MODERNIZACIÓN E A INNOVACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (REDE CeMIT)**

<i>Descripción</i>	Medida dirixida a promover a autonomía dixital das persoas a través de actividades formativas no eido da alfabetización dixital, capacitación dixital e innovación social dixital a través de cursos, talleres e charlas presenciais. Estas actividades desenvólvense na rede de aulas CeMIT, situadas ao longo de toda a xeografía galega.
<i>Destinada a</i>	Cidadanía en xeral e persoas en risco de exclusión dixital.
<i>Responsable</i>	Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica (AMTEGA) e FEGAMP

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

A.5.5**CERTIFICACIÓN GALEGA DE COMPETENCIAS DIXITAS**

<i>Descripción</i>	A certificación facilita os recursos necesarios para a capacitación da cidadanía en competencias dixitais, poñendo a súa disposición diversas modalidades para a adquisición dos coñecementos (formación presencial, teleformación e autoformación). Organizaranse convocatorias para a realización dos exames presenciais nas aulas CeMIT, así como convocatorias de teleformación titorizada e o correspondente exame para obter a certificación.
<i>Destinada a</i>	Cidadanía en xeral e colectivos en risco de exclusión dixital.
<i>Responsable</i>	Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica (AMTEGA)

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

B

Medidas orientadas a atender factores de vulnerabilidade e exclusión concretos, tanto en clave preventiva como dirixidas a reducir a súa incidencia nas persoas e familias afectadas

B.1**MEDIDAS DE ABORDAXE DA POBREZA ENERXÉTICA****B.1.1****PROGRAMA DE AXUDAS PARA ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA EN EDIFICIOS EXISTENTES**

<i>Descripción</i>	Dispoñer dunha vivenda eficiente reduce os gastos derivados do consumo enerxético para quen nela reside. A Xunta de Galicia prevé axudas, a través de subvencións para acometer actuacións de reforma de edificios existentes que, mediante o aforro enerxético, a mellora da eficiencia enerxética e o aproveitamento das enerxías renovables, axuden a reducir o consumo final da enerxía e das emisións de dióxido de carbono.
<i>Destinada a</i>	Persoas propietarias de inmobles (persoas físicas ou comunidades de propietarias e asimiladas).
<i>Responsable</i>	Instituto Galego de Vivenda e Solo

2021 | 2022 | 2023 | 2024

B.1.2**AXUDAS URXENTES DE TIPO SOCIAL-AUX PARA EVITAR OS CORTES DE SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA A PERSOAS CONSUMIDORAS VULNERABLES SEVERAS**

<i>Descripción</i>	Trátase dunha medida de protección ás persoas consumidoras máis vulnerables que, a través de orde de axudas periódicas, dispón axudas de urxencia para evitar o corte de subministración eléctrica aos fogares con dificultades de abono das facturas correspondentes.
<i>Destinada a</i>	Persoas consumidoras en situación de vulnerabilidade severa, de acordo aos criterios regulados no Real Decreto 897/2017.
<i>Responsable</i>	Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

2021 | 2022 | 2023 | 2024

B.1.3**PLAN RENOVE DE RENOVACIÓN DE ELECTRODOMÉSTICOS PARA FOGARES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE OU POBREZA**

<i>Descripción</i>	A medida enmárcase no marco do Plan galego de eficiencia enerxética nas familias, e consiste na disposición de axudas económicas, a través de subvención, para a renovación de electrodomésticos, que se xestionan a través de entidades colaboradoras seleccionadas que participarán na súa xestión.
<i>Destinada a</i>	Familias en situación de pobreza.
<i>Responsable</i>	Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

2021 2022 2023 2024

B.1.4**BONO SOCIAL TÉRMICO**

<i>Descripción</i>	Axudas destinadas a paliar a pobreza enerxética en consumidores vulnerables, financiadas con fondos do Estado e xestionadas polo INEGA.
<i>Destinada a</i>	Consumidores vulnerables.
<i>Responsable</i>	Xunta de Galicia

2021 2022 2023 2024

B.2**MEDIDAS DE APOIO Á RENDA****B.2.1****AXILIZACIÓN DA RISGA, ATA REDUCIR Á METADE O TEMPO MEDIO DE TRAMITACIÓN**

<i>Descripción</i>	A Xunta de Galicia e os concellos de Galicia adoptarán medidas para diminuir un 50 por cento o tempo medio de resolución. A axilización promoverase a través de dúas vías: por unha banda, simplificando a normativa da tramitación e, pola outra, introducindo novos avances na Historia Social Única Electrónica.
<i>Destinada a</i>	Persoas sen recursos económicos, situación de desemprego e cun factor de exclusión dos previstos no art. 3 da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social e a FEGAMP

2021 2022 2023 2024

B.2.2**AXILIZACIÓN DAS AXUDAS DE INCLUSIÓN SOCIAL, ATA REDUCIR Á METADE O TEMPO MEDIO DE TRAMITACIÓN**

<i>Descripción</i>	Adoptaranse medidas para diminuir un 50 por cento o tempo medio de resolución. A axilización promoverase a través de dúas vías: por unha banda, simplificando a normativa da tramitación e, por otra, introducindo novos avances na Historia Social Única Electrónica.
<i>Destinada a</i>	Persoas en risco ou situación de exclusión social que cumplen os requisitos establecidos no art. 47 da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social e FEGAMP

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

B.2.3**MODIFICACIÓNS NA NORMATIVA REGULADORA DA RISGA**

<i>Descripción</i>	Avance na configuración e axuste das medidas de apoio á renda ás persoas en situación ou risco de pobreza, requiridos coa entrada en vigor do Ingreso Mínimo Vital.
<i>Destinada a</i>	Persoas en situación ou risco de exclusión social tecnicamente valoradas de acordo ao artigo 3 da Lei 10/2013.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

B.2.4**AXILIZACIÓN DO RECOÑECIMENTO E SEGUIMENTO DO TRAMO DE INSERCIÓN DAS PERSOAS PERCEPTORAS DA RISGA, A TRAVÉS DA HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA**

<i>Descripción</i>	Ao tramo de inserción acceden as persoas perceptoras do tramo persoal e familiar da RISGA que se vinculan a un itinerario de inserción no mercado de traballo mediante un convenio de inclusión sociolaboral. A través da Historia Social Única de Galicia, coordínanse no procedemento asociado ao acceso e seguimento das actuacións deste tramo os diferentes perfís profesionais implicados: o/a profesional de referencia nos servizos sociais comunitarios básicos, un/unha técnico/a de inclusión social do concello o dos equipos de inclusión sociolaboral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e un/unha orientador/a laboral do Servizo Público de Emprego de Galicia.
<i>Destinada a</i>	Persoas perceptoras do tramo persoal e familias da RISGA que acceden ao tramo de inserción.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

B.2.5**ANTICIPOS DAS AXUDAS DE INCLUSIÓN SOCIAL (AIS)**

<i>Descripción</i>	A medida consiste no pagamento da Axuda concedida con carácter previo á súa xustificación, cando existan menores na unidade de convivencia, persoas con discapacidade ou aquelas en situación de dependencia, co fin de garantir unha rápida atención ante as situacións de grave emergencia que poidan experimentar as súas familias.
<i>Destinada a</i>	Familias con menores a cargo, persoas con discapacidade ou en situación de dependencia que non superen os ingresos establecidos en función da tipoloxía da axuda na Disposición transitoria primeira da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia.
<i>Responsable</i>	ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL- DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL
	2021 2022 2023 2024

B.2.6**PRÓRROGA DA TARXETA BÁSICA**

<i>Descripción</i>	A Tarxeta Básica púxose en marcha en xuño de 2020, como resposta ao incremento da necesidade emerxente de apoio á poboación con dificultade sobrevida de cobertura das súas necesidades básicas por mor dos efectos da pandemia. A Xunta de Galicia prorrogará a existencia deste recurso ata a entrada en vigor das modificacións que afectarán á Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, previsiblemente para o ano 2022.
<i>Destinada a</i>	Persoas en situación de pobreza e/ou situación de exclusión social con dificultades de cobertura das necesidades de alimento.
<i>Responsable</i>	ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL- DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL
	2021 2022 2023 2024

B.2.7**CAMPAÑA DE DIVULGACIÓN SOBRE SERVIZOS FINANCIEROS E PARA DAR A COÑECER E FACILITAR O ACCESO Á CONTA BANCARIA BÁSICA**

<i>Descripción</i>	Promoverase unha campaña de divulgación e formación sobre servizos financeiros, entre outras cousas, para reforzar o acceso das persoas con escasos recursos a unha conta bancaria básica, sen obrigas de pago asociada por comisións. A campaña complementarase introducindo un módulo específico sobre a materia nalgunhas das actividades formativas dirixidas ao persoal de servizos sociais comunitarios, a quen corresponde a emisión do informe que acredite a vulnerabilidade do risco de exclusión financeira.
<i>Destinada a</i>	Persoas en situación de pobreza que carecen de conta bancaria que optan á percepción de prestación social
<i>Responsable</i>	Vicepresidencia 2ª e ConSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN- INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA

2021 2022 2023 2024

B.2.8**IMPULSO DE MEDIDAS PARA A BONIFICACIÓN NO IMPOSTO DE BENS INMOBLES (IBI) DA VIVENDA HABITUAL**

<i>Descripción</i>	Instarase ao Goberno do Estado a impulsar a reforma do IBI, aos efectos de incluír unha bonificación potestativa da vivenda habitual de ata o 90 por cento da cota íntegra do imposto a favor dos suxeitos pasivos que acrediten unha situación económica de insuficiencia de rendas familiares
<i>Destinada a</i>	Persoas en situación de pobreza e/ou situación de exclusión social.
<i>Responsable</i>	FEGAMP

2021 2022 2023 2024

B.2.9**RECOMENDACIÓN AOS CONCELLOS DE SIMPLIFICAR OS PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN DAS AXUDAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA SOCIAL**

<i>Descripción</i>	A medida oriéntase a aproveitar todas as posibilidades que ofrece a normativa vixente para poder simplificar e flexibilizar en todos os aspectos as axudas que se oferten en materia de emerxencia social
<i>Destinada a</i>	Persoas en situación ou risco de exclusión social.
<i>Responsable</i>	FEGAMP

2021 2022 2023 2024

B.2.10**ESTABLECIMENTO DE EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS EN TAXAS E PREZOS PÚBLICOS PARA GRUPOS DE VULNERABILIDADE ECONÓMICA**

<i>Descripción</i>	Posibilidade de establecer exencións totais ou parciais dos impostos e taxas de titularidade municipal: taxa de recollida de lixo, de rede de sumidoiros, imposto de circulación...
<i>Destinada a</i>	Persoas en situación de risco e/ou exclusión social.
<i>Responsable</i>	FEGAMP e Xunta de Galicia

2021 2022 2023 2024

B.3**MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA****B.3.1****REFORZO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS DEPENDENTES**

<i>Descripción</i>	Esta medida está dirixida a mellorar a cobertura e calidade do servizo de axuda no fogar ás persoas con autonomía limitada ou en situación de dependencia, mediante o incremento da dotación orzamentaria destinada á súa prestación, directa ou indirectamente, por parte dos concellos. A achega autonómica ao SAF pasará dos 9,7 euros/hora actuais aos 12 euros/hora en 2024. En concreto, no ano 2021 a Xunta sufragará 11 euros/hora, con efectos retroactivos desde 1 de xaneiro, e no 2022 manterá este importe; no 2023, incrementarase ata os 11,5 euros/hora; e no 2024 xa se acadarán os 12 euros/hora.
<i>Destinada a</i>	Persoas en situación de dependencia recoñecida.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Atención integral Sociosanitaria e FEGAMP
2021 2022 2023 2024	

B.3.2**IMPLANTACIÓN DUNHA TELEASISTENCIA AVANZADA, ACCESIBLE E ADAPTADA ÁS CIRCUNSTANCIAS ESPECÍFICAS DAS PERSOAS USUARIAS**

<i>Descripción</i>	A teleassistencia avanzada, ademais dos servizos de teleassistencia básica, inclúe apoios tecnolóxicos complementarios dentro e/ou fóra do domicilio, así como a interconexión cos servizos de información e profesionais de referencia nos sistemas sanitario e social.
<i>Destinada a</i>	Persoas en situación de dependencia recoñecida.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con discapacidade

2021 | 2022 | 2023 | 2024

B.3.3	
SIMPLIFICACIÓN DO ACCESO Á DEPENDENCIA	
<i>Descripción</i>	Implantación de medidas que inciden directa ou indirectamente no proceso de valoración, recoñecemento das situacións de dependencia e asignación dun recurso do Sistema de Atención á Autonomía e á Dependencia (SAAD). O plan concrétese nos seguintes eixes: simplificación normativa e administrativa, difusión de información, cambio na concepción do Plan Individual de Atención, potenciación do uso da Historia Social Única Electrónica, priorización de determinadas patoloxías na valoración da dependencia, reforzo de persoal e mellora do modelo de xestión de citas.
<i>Destinada a</i>	Pessoas en situación de dependencia.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria
	2021 2022 2023 2024

B.4

MEDIDAS DE INCLUSIÓN RESIDENCIAL

B.4.1	
PROXECTO NA CASA, DE PROMOCIÓN DE RECURSOS RESIDENCIAIS ESTABLES NA ATENCIÓN AO SENFOGARISMO E OUTRAS TIPOLOXÍAS DE EXCLUSIÓN RESIDENCIAL	
<i>Descripción</i>	O obxectivo principal deste proxecto é reforzar e modernizar os recursos dos servizos sociais de atención ás persoas sen fogar, mediante a creación dunha bolsa de 100 vivendas, xestionada conjuntamente polas administracións públicas galegas, que permita impulsar a aplicación dos modelos de intervención e metodoloxías máis modernas e innovadoras: os modelos de acompañamiento social integral centrados na persoa e desde un enfoque baseado na vivenda ("housing-led" e "housing first"). O proxecto, promovido pola Consellería de Política Social, prevé varias fases de desenvolvemento. Inicialmente concretaranse as vivendas que se porán a disposición do proxecto, e aquellas que o precisen, serán obxecto de preparación, rehabilitación e equipamento básico. Simultaneamente, seleccionaranse entidades iniciativa social especializadas para a súa colaboración no proxecto. Elas prepararán os protocolos de acceso e acompañamiento ás persoas e familias sen fogar que ocupen finalmente as vivendas, unha vez preparadas. Ademais, está previsto desenvolver actividades de formación a profesionais de servizos sociais e sensibilización comunitaria.
<i>Destinada a</i>	Pessoas sen teito e sen vivenda en situación cronificada.
<i>Responsable</i>	Xunta de Galicia e FEGAMP
	2021 2022 2023 2024

B.4.2**PLAN PILOTO INTEGRAL DE TRANSFORMACIÓN PARA UN ÁREA CON DEGRADACIÓN URBANÍSTICA POR PRESENZA DE INFRAVIVENDA E/OU CHABOLISMO**

<i>Descripción</i>	Proxecto de ámbito localizado nunha área urbana ou periurbana nas que exista unha concentración significativa ou anómala de situacions de exclusión social nos termos establecidos no Título V da Lei 10/2013, de inclusión social. Terá un carácter experimental e servirá de base para o desenvolvemento regulamentario e posterior implantación do enunciado na dita lei.
<i>Destinada a</i>	Área de intervención social especial de acordo ao establecido no artigo 77 da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social
	2021 2022 2023 2024

B.4.3**PROGRAMAS DE ACOMPAÑAMIENTO ESPECÍFICO A MULLERES EN SITUACIÓN DE SENFOGARISMO NAS SETE GRANDES CIDADES GALEGAS**

<i>Descripción</i>	Programa de intervención técnico-profesional e material que abordará o senfogarismo cunha perspectiva de xénero, atendendo cun enfoque centrado na persoa as necesidades das mulleres que se atopan nesa situación nas sete grandes cidades galegas.
<i>Destinada a</i>	Mulleres en situación de senfogarismo.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social
	2021 2022 2023 2024

B.4.4**PROGRAMA DE ATENCIÓN AO RISCO DE PERDA DA VIVIENDA HABITUAL**

<i>Descripción</i>	Programa de atención interdisciplinaria para atención das persoas e familias con risco grave de desafizamento ou perda da súa vivenda habitual, xa a teña en réxime de propiedade ou de alugueiro; e con puntos de atención situados en Santiago de Compostela e resto das cidades de Galicia onde se localizan a Oficinas territoriais da Consellería de Política Social.
<i>Destinada a</i>	Persoas en risco de desafizamento da vivenda habitual por execución hipotecaria ou por non realizar o pagamento do seu alugueiro.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social
	2021 2022 2023 2024

B.4.5**PROGRAMAS DE ACOMPAÑAMENTO E INTERMEDIACIÓN INMOBILIARIA PARA A INCLUSIÓN RESIDENCIAL DE PERSOAS CON RENDAS BAIXAS**

<i>Descripción</i>	Axudas económicas, a través de subvencións, aos concellos e as entidades de iniciativa social para a realización de accións de promoción do acceso e mantemento da vivenda: intermediación inmobiliaria e acompañamiento nos procesos de transición a recursos residenciais estables, prevención da discriminación, e mediación e resolución de conflitos.
<i>Destinada a</i>	Persoas e familias con problemas de acceso e/ou permanencia en vivenda estable. Persoas en proceso de realoxamento.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

B.4.6**INCREMENTO DAS PRAZAS DE ACOLLIDA BÁSICA PARA PERSOAS EN EXCLUSIÓN SOCIAL E RESIDENCIAL GRAVE**

<i>Descripción</i>	Creación e mantemento de novas prazas do servizo de acollida básica (aloxamento media-longa estancia sen proxecto condicionado) para garantir un mínimo de 70 prazas en toda Galicia no 2023, en colaboración coas entidades de iniciativa social.
<i>Destinada a</i>	Persoas en situación de exclusión social carencia persistente de recursos que inclúe a non disposición efectiva de fogar ou apoio substitutivo.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

B.4.7**AXUDAS PARA O ACCESO Á VIVENDA EN ALUGUER**

<i>Descripción</i>	De xeito paralelo a programas de mobilización de vivendas baleiras para destinalas ao alugueiro, ou de fomento do parque de vivenda en alugamento, a través de axudas pola cesión de uso ou arrendamento durante un prazo mínimo de 25 anos, o Instituto Galego de Vivenda e Solo, promoverá ás seguintes axudas: <ol style="list-style-type: none"> Programa de axudas ao alugamento, destinado a persoas con escasos recursos económicos cunha liña xeral e outra para os menores de 35 anos. Programa de bono de alugueiro social, de axudas a persoas en situacións de emergencia social con escasos recursos económicos. Concesión directa de axuda complementaria para o bono de alugueiro social para completar a totalidade da renda. Programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto do COVID-19 no alugueiro social.
--------------------	---

<i>Destinada a</i>	Pessoas con especial dificultade de acceder a unha vivenda en arrendamento, que reúnen os requisitos establecidos en cada caso.			
<i>Responsable</i>	Instituto Galego de Vivenda e Solo			
	2021	2022	2023	2024

B.4.8**AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDA**

<i>Descripción</i>	A medida está destinada á rehabilitación de vivendas con dous finalidades: <ol style="list-style-type: none"> 1. Programa de rehabilitación de vivendas de titularidade municipal para destinar a alugueiro social (apoio aos concellos de menos de 20.000 habitantes para rehabilitar antigas vivendas de mestres e outros oficios para destinar a alugueiro). 2. Programa de conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas. 			
<i>Destinada a</i>	Concellos de menos de 20.000 habitantes, se ben os destinatarios últimos son as unidades de convivencia con ingresos inferiores ao 2,5 do IPREM (programa1). Pessoas con discapacidade que non superen ingresos de 3 veces o IPREM.			
<i>Responsable</i>	Instituto Galego de Vivenda e Solo			
	2021	2022	2023	2024

B.4.9**IMPULSO DA ADOPCIÓN DE MEDIDAS QUE PERMITAN A AXILIZACIÓN DO EMPADROAMENTO DE PERSOAS SEN DOMICILIO**

<i>Descripción</i>	A FEGAMP recomendará aos concellos a identificación das persoas sen fogar localizadas no seu municipio, e a axilización do empadroamento daquelas que carezan de domicilio. Deste xeito, darase cumprimento á obriga de empadroar por parte dos concellos, e facilitará que persoas nunha situación de exclusión grave acceda a recursos para reverter a súa situación que requiren presentar o empadroamento.			
<i>Destinada a</i>	Pessoas sen domicilio.			
<i>Responsable</i>	FEGAMP			
	2021	2022	2023	2024

B.4.10**RECOMENDACIÓN AOS CONCELLOS PARA PROMOVER ACTUACIÓNS DE REVITALIZACIÓN DE BARRIOS QUE SOFREN OS EFECTOS SOCIOECONÓMICOS DERIVADOS DO COVID-19 (PROXECTOS DINAMIZACIÓN ECONÓMICA)**

<i>Descripción</i>	Recoméndase aos concellos poñer os medios necesarios para a protección do pequeno e mediano comercio locais, tanto pola súa faceta económica como polo seu papel fundamental na dinamización e conservación da actividade nos barrios.
<i>Destinada a</i>	Pequeno e mediano comercio local.
<i>Responsable</i>	FEGAMP

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

B.5**MEDIDAS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E DE ABORDAXE DA VIOLENCIA DE XÉNERO****B.5.1****PROXECTOS PLAN PROXECTA DE FOMENTO DA IGUALDADE NAS AULAS**

<i>Descripción</i>	Programas dependentes da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, desenvolvidos por distintos departamentos da Xunta de Galicia para a promoción da igualdade nas aulas dos centros educativos de Galicia: <i>De Ítaca a Ávalon</i> (Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea), <i>Donas de si</i> (Secretaría Xeral da Igualdade), <i>Por 365 días de igualdade</i> (Secretaría Xeral da Igualdade), <i>Quérote +</i> (Consocio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar) e <i>Xente con don</i> (Dirección Xeral de Saúde Pública).
<i>Destinada a</i>	Alumnado ESO, FP, Bacharelato, ciclos formativos e/ou adultos.
<i>Responsable</i>	Consellería de Cultura, Educación e Universidade

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

B.5.2**RECOMENDACIÓN ÁS ENTIDADES LOCAIS QUE CONSOLIDEN AS POLÍTICAS DE IGUALDADE E A INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO EN TODOS OS ÁMBITOS COMO ESTRATEGIA DE DESENVOLVIMENTO SOCIAL E ECONÓMICO, E ELEMENTO CLAVE NA DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA**

<i>Descripción</i>	Promoción da igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos de actuación local con carácter transversal.
<i>Destinada a</i>	Concellos.
<i>Responsable</i>	FEGAMP
	2021 2022 2023 2024

B.5.3**AXUDAS PARA O ACCESO Á VIVENDA EN ALUGUER PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO**

<i>Descripción</i>	<ul style="list-style-type: none"> 1) Programa de bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero con financiamento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. 2) Concesión directa de axuda complementaria para o bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero con financiamento do Pacto (axuda complementaria para completar a totalidade da renda). 3) Programa de bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero e outros colectivos vulnerables. 4) Concesión directa de axuda complementaria para o bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero (axuda complementaria para completar a totalidade da renda).
<i>Destinada a</i>	Vítimas de violencia de xénero, os seus fillos/as dependentes e persoas que sufran explotación sexual (programas 1 e 2). Pessoas desafiuzadas da súa vivenda, vítimas de violencia de xénero, vítimas de desastres naturais ou fortuitos, menores tutelados ao acadar a maioría de idade e outros colectivos vulnerables (programas 3 e 4).
<i>Responsable</i>	Instituto Galego de Vivenda e Solo

2021 2022 2023 2024

B.5.4**PROGRAMAS PARA O TRATAMIENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

<i>Descripción</i>	<p>Programas de prevención e atención á violencia de xénero con diferentes especialidades:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) Atención integral a persoas en situación de explotación sexual e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral. 2) Deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero. 3) Fomento da contratación de mulleres que sufren violencia de xénero en colaboración coas entidades locais galegas (un para a realización de obras ou servizos de interese xeral ou social ata un máximo de 12 meses, e outro para a contratación ata un máximo de 12 meses). 4) Apoio a dispositivos de atención e acollida específicos para mulleres vítimas de explotación sexual e trata. 5) Axudas para facilitar a mobilidade xeográfica as vítimas da violencia de xénero. 6) Recursos integrais de atención especializada dirixidos específica e exclusivamente a mulleres en situación de especial vulnerabilidade. Inclúense, desde 2021, os gastos da atención telemática como gastos subvencionables. 7) Promoción da igualdade e prevención e tratamiento integral da violencia de xénero. En 2021 auméntase un 42% o orzamento destinado a esta medida, e tamén os límites das axudas solicitadas por un concello (de 10.000 a 12.000 euros) ou por varios (de 20.000 a 25.000 euros). Outra novidade é a incorporación como accións elixibles as de fomento do respecto ás persoas pertencentes ao colectivo LGBTIQ.
<i>Destinada a</i>	Mulleres vítimas de violencia de xénero.
<i>Responsable</i>	Secretaría Xeral de Igualdade

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

C

Outras medidas de carácter xeral e para a mellora cualitativa das Administracións públicas e o seu funcionamento

C.1**MEDIDAS PARA A MELLORA DA PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS****C.1.1****MAPA INTERACTIVO DE SERVIZOS SOCIAIS CON XEOLOCALIZACIÓN DOS SERVIZOS E EQUIPAMENTOS EN GALICIA**

<i>Descripción</i>	Ferramenta para a planificación na que se xeolocalizarán servizos e programas dos Servizos Sociais en Galicia, xunto con outra información de interese para a toma de decisións.		
<i>Destinada a</i>	Profesionais dos servizos sociais de Galicia e poboación interesada.		
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social		
2021	2022	2023	2024

C.1.2**ACTUALIZACIÓN DOS MÓDULOS ECONÓMICOS DOS/AS PROFESIONALES DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS FINANCIADOS POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

<i>Descripción</i>	Incremento orzamentario na partida destinada a persoal, destinada ao perfil de profesional de referencia e outros profesionais dos servizos sociais comunitarios de concellos con poboación de máis de 20.000 habitantes.		
<i>Destinada a</i>	Concellos.		
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social		
2021	2022	2023	2024

C.1.3**INCREMENTO DO ORZAMENTO DO PLAN CONCERTADO DESTINADO AO PERSONAL E PROGRAMAS DE SERVIZOS SOCIAIS**

<i>Descripción</i>	Medida para o reforzo e mellora da calidade dos servizos sociais comunitarios que consiste no incremento progresivo da partida orzamentaria do Plan Concertado para o financiamento de persoal e programas de servizos sociais durante os tres anos de vixencia, atendendo á demanda de incremento de persoal que formulen os concellos.		
<i>Destinada a</i>	Concellos.		
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social		
2021	2022	2023	2024

C.1.4**AVALIACIÓN DA REDE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS**

<i>Descripción</i>	Desenvolvemento dunha enquisa sobre o acceso, uso e valoración dos bens e servizos da rede comunitaria de servizos sociais, dirixida ás persoas atendidas polos centros de servizos sociais comunitarios básicos de toda Galicia
<i>Destinada a</i>	Persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

C.1.5**EXTENSIÓN E PERFECCIONAMENTO DA HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA- HSUE**

<i>Descripción</i>	A Xunta de Galicia continuará a traballar na extensión da HSUE en todos os concellos, en virtude do convenio subscrito entre ela, a FEGAMP e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (no que atinxo aos equipos de inclusión sociolaboral). A HSUE permite integrar a información das actuacións de carácter social realizadas sobre as persoas usuarias do sistema de servizos sociais, incluíndo a situación persoal, social e familiar, as súas demandas e prestacións, así como as intervencións por parte do sistema de Servizos Sociais. Ademais, facilita o acceso á información de valoracións e actuacións das diferentes Administracións públicas competentes en materia de protección social, posibilitando o intercambio de información para a coordinación entre as historias social e clínica, así como o acceso a HSUE por parte do persoal de traballo social do SERGAS e o persoal técnico dos centros residenciais. A HSUE permite unha transformación dixital do ámbito dos servizos sociais e a coordinación con outros ámbitos sociais, como a coordinación sociosanitaria e socio laboral.
<i>Destinada a</i>	Cidadanía, en particular as persoas usuarias do sistema galego de servizos sociais.
<i>Responsable</i>	Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica (AMTEGA) – Consellería de Política Social

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

C.1.6**PROXECTO DE MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DOS SERVIZOS SOCIAIS**

<i>Descripción</i>	Como parte dun proceso de modernización tecnolóxica dos Servizos Sociais, está previsto adquirir, por parte da Xunta de Galicia, 750 dispositivos de sinatura biométrica para axilizar e facilitar a xestión e tramitación dos recursos. Desta forma, xeraranse formularios electrónicos na ferramenta de sinatura biométrica preparada no marco da HSUE e reducirase o papel na tramitación dos apoios precisos para atender as necesidades das persoas usuarias do sistema.
--------------------	---

	<p>Os dispositivos de sinatura biométrica destinaranse ás oficinas dos servicios sociais comunitarios municipais dos 313 concellos de Galicia e demais oficinas dos servizos sociais xestionados polo sector público autonómico.</p> <p>Por outra banda, renovaranse un total de 120 equipos informáticos das oficinas do persoal de servizos sociais da Administración autonómica.</p>
<i>Destinada a</i>	Cidadanía, en particular as persoas usuarias do sistema galego de servizos sociais.
<i>Responsable</i>	Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica (AMTEGA) – Consellería de Política Social
	2021 2022 2023 2024

C.1.7**ACTUALIZACIÓN E IMPLANTACIÓN DO MODELO INCLÚE DE CALIDADE NA ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL SEVERA**

<i>Descripción</i>	No 2015, cunha ampla participación de profesionais da Administración pública autonómica e municipal e de organizacións que comparten a filosofía de inclusión activa e enfoque de dereitos, deseñaron o modelo cos requisitos para garantir unha atención de calidade na atención ás persoas en situación de exclusión social severa. Téndose definido os elementos que forman parte desta situación, en primeiro lugar, realizarase a fase pendente de ponderación dos mesmos. Unha vez realizado, co fin de favorecer a mellora da calidade de intervención nos servizos sociais e o traballo coordinado, a información do Inclúe introducirase na HSUE, facilitándose as entidades participantes que podan entrar nunha HSUE resumida.
<i>Destinada a</i>	Administración autonómica, entidades locais e entidades de iniciativa social.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social
	2021 2022 2023 2024

C.1.8**RECOMENDACIÓN AOS CONCELLOS DE AXILIZAR A SUBSTITUCIÓN DO PERSOAL DE TRABALLO SOCIAL DOS CONCELLOS CANDO SE PRODUZAN BAIXAS DE LONGA DURACIÓN DE CARA AO MANTENIMENTO E CONTINUIDADE DOS SERVIZOS**

<i>Descripción</i>	Trátase de crear un mecanismo fácil de substitución para evitar que determinadas prazas non poidan cubrirse ata que remata o proceso de contratación, mediante a disposición de listaxes de contratación temporal de persoal técnico de servizos sociais dos concellos de ámbito provincial ou autonómico.
<i>Destinada a</i>	Concellos.
<i>Responsable</i>	FEGAMP
	2021 2022 2023 2024

C.1.9**IMPULSO DA MELLORA DO FINANCIAMENTO ESTRUTURAL DAS ENTIDADES LOCAIS**

<i>Descripción</i>	A Xunta de Galicia e FEGAMP impulsarán en foros europeos e estatais medidas para que na participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma dos concellos se introduzcan os criterios de dispersión e envellecemento da poboación no repartición de fondos.
<i>Destinada a</i>	Entidades locais.
<i>Responsable</i>	FEGAMP e Xunta de Galicia

2021 2022 2023 2024

C.1.10**CREACIÓN DUN GRUPO DE TRABALLO ESPECÍFICO QUE ELABORE UN ESTUDO DE NECESIDADES DOS SERVIZOS SOCIAIS DE GALICIA**

<i>Descripción</i>	Creación dun grupo de traballo específico dentro do marco da Axenda Social Única entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e o Terceiro Sector para estudar a situación dos Servizos sociais en Galicia, co obxecto de coñecer as súas necesidades e mellorar a calidade de atención ás persoas usuarias.
<i>Destinada a</i>	Cidadanía, en particular as persoas usuarias do sistema galego de servizos sociais.
<i>Responsable</i>	Xunta de Galicia, FEGAMP e entidades de iniciativa social

2021 2022 2023 2024

C.2**MEDIDAS DE REFORZO DA COORDINACIÓN E A COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA****C.2.1****DINAMIZACIÓN DOS GRUPOS ESPECÍFICOS DA AXENDA SOCIAL DE GALICIA**

<i>Descripción</i>	Apoiar o funcionamento dos grupos de traballo que se creen no marco da Axenda, coa finalidade de identificar áreas de mellora da propia Axenda ou de interese para incorporar a outros marcos de planificación de políticas sociais.
<i>Destinada a</i>	Administracións públicas e entidades de iniciativa social.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social

2021 2022 2023 2024

C.2.2**MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E SIMPLIFICACIÓN BUROCRÁTICA**

<i>Descripción</i>	Establecemento de pautas de coordinación entre a Xunta de Galicia, as entidades locais e as Deputacións Provinciais, coa implicación de todas elas no financiamento dos Servizos Sociais. Ademais, promoveranse fórmulas de simplificación de trámites e burocracia requirida en procesos de acceso a servizos e recursos por parte da cidadanía nos que interveñen ambas Administracións públicas.
<i>Destinada a</i>	Administracións públicas.
<i>Responsable</i>	Xunta de Galicia e FEGAMP

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

C.3**MEDIDAS DE REFORZO DO TERCEIRO SECTOR PRESTADOR DE SERVIZOS SOCIAIS EN GALICIA****C.3.1****IMPULSO DA LEI DO TERCEIRO SECTOR SOCIAL DE GALICIA**

<i>Descripción</i>	A Administración autonómica impulsará, no período temporal de vixencia da Axenda, a Lei do terceiro sector social de Galicia, como instrumento de regulación da súa participación e actuación dentro do Sistema de Servizos sociais de Galicia e doutros aspectos orientados á súa mellora cualitativa.
<i>Destinada a</i>	Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

C.4

MEDIDAS DE COLABORACIÓN CON OUTROS AXENTES

C.4.1

CONVENIOS CON ENTIDADES FINANCIERAS E COA SAREB PARA FACILITAR A PERMANENCIA NA VIVENDA DE PERSOAS AFECTADAS POR EXECUÇÓNS HIPOTECARIAS E PARA A CESIÓN DE VIVENDAS BALEIRAS

<i>Descripción</i>	Posta a disposición do IGVS de vivendas das entidades financeiras e da SAREB para a súa adxudicación en réxime de alugamento a determinados colectivos.			
<i>Destinada a</i>	Persoas afectadas por un procedemento de ejecución hipotecaria, desafiuazamento por falta de pagamento do alugueiro e outras situacions de necesidade residencial.			
<i>Responsable</i>	Instituto Galego de Vivenda e Solo			
	2021	2022	2023	2024

C.5

MEDIDAS PARA A INNOVACIÓN E MELLORA DO COÑECEMENTO

C.5.1

ESTUDO SOBRE A SITUACIÓN DAS PERSOAS SEN FOGAR EN GALICIA

<i>Descripción</i>	Actualización do Estudo da situación das persoas sen fogar en Galicia 2017, combinando técnicas de investigación cuantitativa e cualitativa, tendo en conta a perspectiva de xénero, para adaptar e ou reorientar as medidas que establece o Plan de persoas sen fogar en Galicia 2019-2023.			
<i>Destinada a</i>	Persoas sen fogar.			
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social			
	2021	2022	2023	2024

C.5.2**PLAN DE FORMACIÓN A PROFESIONAIS DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS E DESENVOLVEMENTO DE MEDIDAS DE XESTIÓN DO COÑECEMENTO**

<i>Descripción</i>	Actividades de formación, reflexión e debate técnico, que impliquen ao persoal dos servizos sociais comunitarios básicos e específicos de inclusión social.
<i>Destinada a</i>	Profesionais de servizos sociais.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

C.5.3**AVALIACIÓN FINAL DA ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA 2014-2020**

<i>Descripción</i>	Realizarase recollendo os valores dos indicadores macro establecidos na EIS Galicia, os cales están orientados na clave dos establecidos pola Unión Europea para medir o impacto da Estratexia Europa 2020 e o grao de cumprimento dos seus obxectivos de redución da pobreza e a exclusión social.
<i>Destinada a</i>	Profesionais de servizos sociais comunitarios, persoal de entidades colaboradoras coa Estratexia e persoas en risco ou situación de exclusión social participantes en itinerarios.
<i>Responsable</i>	Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

C.5.4**MEDIDAS DE INNOVACIÓN EN MATERIA DE ENVELLECIMENTO ACTIVO E SAUDABLE**

<i>Descripción</i>	Apoio da posta en marcha de empresas de base tecnolóxica e iniciativas innovadoras, co fin de impulsar os avances científico-tecnolóxicos orientados á mellora da calidade de vida e ao envellecemento activo, favorecendo a súa posta a disposición da cidadanía. Divulgar os avances en coñecemento, innovación e procesos produtivos no campo do envellecemento activo e saudable.
<i>Destinada a</i>	Persoas maiores.
<i>Responsable</i>	Xunta de Galicia e FEGAMP

2021	2022	2023	2024
------	------	------	------

8. GOBERNANZA

A Axenda Social de Galicia incorpora este novo apartado para referir con detalle como van organizarse os axentes implicados para desenvolver con éxito o seu contido e acadar os obxectivos establecidos. A gobernanza, pois, será multinivel, como a propia esencia da Axenda, e promoverá a participación de todos os axentes implicados.

Aquí quedarán reflectidos os procesos de relación, toma de decisións e participación precisos para a reformulación da Axenda, a implantación das medidas comprendidas e o seguimento e avaliación.

O **proceso de actualización** da Axenda Social liderouno a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Inclusión Social. Os traballos iniciáronse cunha reunión de lanzamento que tivo lugar o 14 de xaneiro de 2020 ao que asistiron todos os axentes xa estaban implicados e, ademais, representantes dos Departamentos da Xunta de Galicia se incorporan neste novo período de desenvolvemento da Axenda Social. A partir dese momento, comezouse un proceso de consulta que se paralizou con motivo da emergencia sanitaria.


En xaneiro de 2021 retomáronse estes traballos cunha reunión entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP, na que acordaron desenvolver os pasos precisos para a actualización do documento. Informouse ás entidades de iniciativa social deste novo comezo que supoñía xa unha situación de partida diferente á formulada no ano anterior.

Durante o primeiro semestre de 2021 Xunta e FEGAMP traballaron en colaboración estreita na configuración de medidas. A coordinación interdepartamental, por outra banda, foi clave para determinar o alcance das medidas que integrarían o documento. Finalizada unha primeira versión, deuse cabida á participación das entidades de iniciativa social para que, a través das súas observacións e achegas, mellorase cualitativamente a Axenda.

O sistema de **gobernanza para o desenvolvemento das medidas** da Axenda Social de Galicia asume catro ámbitos de coordinación:

- A. Coordinación interdepartamental entre os Departamentos e órganos implicados na Axenda
- B. Coordinación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP
- C. Coordinación entre a Xunta de Galicia e as entidades de iniciativa social
- D. Coordinación entre as administracións implicadas e as entidades de iniciativa social

Coordinación interdepartamental



A Consellería de Política Social seguirá a realizar o traballo de promoción de desenvolvemento e coordinación da Axenda Social Única, que implica a oito Consellerías más. Algunhas medidas estes Departamentos lévanas a cabo de xeito autónomo, non obstante outras precisan dunha coordinación. Para operar esa coordinación, intercambiar información ou asegurar o axuste das actuacións conxuntas, activarase o Grupo Interdepartamental de seguimento da Axenda Social Única de Galicia. No caso de que esta coordinación afecte únicamente a dous Departamentos ou precise dunha intensidade alta de colaboración, levaranse a cabo reunións de trabalho bilaterais.

Coordinación interadministrativa

A Xunta de Galicia e a FEGAMP seguirán cooperando de xeito estreito para a supervisión e seguimento da implantación da Axenda Social na súa nova etapa. Para iso, manterán reunións trimestrais para o intercambio e actuación da información.

Máis alá, a Consellería de Política Social contempla medidas que requieren da cooperación necesaria das entidades locais de Galicia para o seu desenvolvemento. Esta colaboración sustentarase en instrumentos de financiamento concretos; en reunións bilaterais e grupos de traballo específicos para o desenvolvemento de medidas concretas.



Coordinación Xunta de Galicia- entidades de iniciativa social

A Axenda Social de Galicia comprende medidas de responsabilidade da Xunta de Galicia que, para seren desenvolvidas precisa da colaboración das entidades de iniciativa social prestadoras de Servizos Sociais. Esta colaboración sustentarase en instrumentos de financiamento concretos (subvencións, convenios, concertos...); en reunións bilaterais e grupos de traballo específicos para o desenvolvemento de medidas concretas.




Coordinación entre os axentes implicados

No ano 2017 acordouse a posta en marcha de seis grupos de traballo formados por representantes dos axentes implicados co obxecto de afondar nas seguintes temáticas:

- A. Exclusión residencial
- B. Pobreza económica e enerxética
- C. Dependencia e servizos de atención no fogar
- D. Pobreza infantil e atención familiar
- E. Emprego e promoción económica inclusivos
- F. Cooperación Administracións públicas- Entidades de iniciativa social para a inclusión

Estes grupos reactivaranse no novo período de desenvolvemento da Axenda Social, especialmente orientados ao intercambio de información, análise e elaboración de propostas de intervención. Establécese, como mínimo, unha reunión anual de cada un dos grupos, sen prexuízo dunha frecuencia maior de ser preciso intensificar a abordaxe dalgunha das temáticas e, nomeadamente, para promover a participación dos múltiples actores na preparación de programas ou outros marcos de intervención. Esa participación tamén materializarase a través de consultas e contactos por correo electrónico para comunicacíons e intercambio de información precisa para o seguimento e avaliación da implantación da Axenda.



Por outra banda, os axentes implicados na Axenda Social Única de Galicia reuniranse en pleno en sesións ordinarias nos seguintes momentos do período de vixencia:

- En cada primeiro trimestre dos anos 2022, 2023 e 2024, co obxecto da revisión das medidas comprendidas no documento e introdución de axustes e/ou novas medidas.
- No primeiro trimestre de 2023, xuntaranse, ademais, con motivo da presentación dos resultados da avaliación intermedia.
- No terceiro trimestre de 2024, con motivo da presentación dos resultados da avaliación final.

Non obstante, cabe a realización de reunións extraordinarias cando conveña a Xunta de Galicia ou a instancias de, como mínimo, dous dos axentes de diferente natureza implicados no desenvolvemento da Axenda Social Única, dentro dos relacionados no apartado sexto.

9. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

As tarefas relacionadas coa avaliación e seguimento asúmeas a Consellería de Política Social, como Departamento da Xunta encargado da promoción e coordinación da Axenda Social Única de Galicia. Para iso contará coa colaboración dos restantes Departamentos e dos outros axentes implicados, que achegarán a información precisa que estea da súa man e participarán nas consultas que se realicen con este obxectivo.

Prevese a realización dun seguimento anual durante o período de vixencia, unha avaliación intermedia, e outra final.

Para o seguimento do grao de implantación e desenvolvemento das medidas da Axenda Social de Galicia 2021-2024 cóntase cun sistema de indicadores que a Consellería de Política Social actualizará con carácter anual. Para iso os/as responsables das medidas previstas achegarán, con esa periodicidade, información sobre as actuacións realizadas, orzamento executado e os resultados obtidos, a través datos dos indicadores correspondentes cuxa medición estará suxeita ao período de referencia que se determine para cada un deles (ano natural, curso escolar, etc.). Este cadre de indicadores atópase anexo a este documento.

Unha vez completada, a información do seguimento anual facilitarase a todos os axentes implicados, relacionados no sexto apartado deste documento. Servirá de base para a preparación da reunión do pleno prevista no primeiro trimestre de cada ano e que ten por obxecto a revisión da Axenda.

As avaliaciós, por outra banda, prevense realizar en dous momentos e con diferentes obxectivos.

A primeira será a avaliación intermedia, que se levará a cabo no primeiro trimestre de 2023. Será novamente a Consellería de Política Social a encargada de redactar ese informe, en colaboración coa FEGAMP. O contido deste informe referirá cuestiós de proceso, tales como as actuacións desenvolvidas por cada axente, o grao de desenvolvemento de cada un dos bloques de medidas de acordo ao previsto, e os valores rexistrados no cadre de indicadores. Por outra banda, este informe referirá as propostas de medidas susceptibles de incorporación na segunda etapa de desenvolvemento da Axenda Social, ata mediados de 2024. Trátase, polo tanto, de evidenciar posibles necesidades de axuste e de renovación ou reforzo das medidas con outras non incorporadas inicialmente pero orientadas a acadar os mesmos obxectivos.

A segunda avaliación prevista realizarase unha vez finalizada a vixencia da Axenda. Para iso, ademais das actividades de recompilación da información sobre procesos e resultados, levaranse a cabo actividades de consulta e participación, incluída a das persoas destinatarias, co obxecto de identificar os impactos xerados co desenvolvemento da Axenda. A redacción do informe correspónelle á Consellería de Política Social e na súa elaboración colaborarán o resto dos axentes implicados na Axenda Social.

10. ORZAMENTO

A Axenda Social Única de Galicia desenvolverase nos exercicios orzamentarios relativos ao anos 2021 a 2024. O seu orzamento actualizarase de xeito anual para referilo ás previsións no exercicio corrente.

Para o ano 2021, a Axenda Social Única dótase de **402.181.345,36 euros** para o desenvolvemento das súas medidas.

Investiranse **185.737.551,59 euros** en medidas dirixidas a promover que as persoas e grupos en risco ou situación de vulnerabilidade fagan efectivo o seu acceso aos servizos e o exercicio dos seus dereitos en cada un destes ámbitos.

As medidas orientadas a atender factores de vulnerabilidade e exclusión concretos, tanto en clave preventiva como dirixidas a reducir a súa incidencia nas persoas e familias afectadas acumulan un orzamento de **200.972.210,43 euros** no ano 2021.

Ademais, destínanse **15.471.583,34 euros** ás medidas de carácter xeral e para a mellora cualitativa das Administracións públicas e o seu funcionamento.

Nas seguintes táboas preséntase o detalle de orzamento para todas as medidas.

<p style="text-align: center;">A.- Medidas dirixidas a promover que as persoas e grupos en risco ou situación de vulnerabilidade fagan efectivo o seu acceso aos servizos para o emprego, educación, vivenda, saúde, sociais, culturais, de participación social e comunitaria, entre otros, en aras a promover o exercicio dos seus dereitos en cada un destes ámbitos</p>			
	Medida	Denominación	2021
A.1 Medidas de atención á infancia e adolescencia en vulnerabilidade ou pobreza	A.1.1	Exención cómputo pensión de alimentos na RISGA	0,00
	A.1.2	Programa Caixa Proinfancia	525.000,00
	A.1.3	Universalización educación 0-3	73.556.711,00
	A.1.4	Rexistro familias monoparentais	0,00
	A.1.5	Mantenemento Rede de atención temprá	3.069.337,00
	A.1.6	Axudas para adquisición de libros de texto e material	17.400.000,00
	A.1.7	Programas de fomento do éxito escolar ARCO e PROA+	15.426.473,00
	A.1.8	Programa fomento hábitos saudables na infancia	100.000,00
	A.1.9	Programas sociosanitario ámbito trastornos mentais	864.509,00
TOTAL A1			110.942.030,00
A.2 Medidas para un mercado laboral inclusivo	A.2.1	Recoñecemento risco exclusión non perceptores/as RISGA	0,00
	A.2.2	Ferramenta de análise avanzada do mercado laboral	0,00
	A.2.3	Programas inclusión concellos (Orde DX Inclusión)	3.450.103,49
	A.2.4	Programas inclusión entidades (Orde DX Inclusión)	8.752.052,00
	A.2.5	Ampliación dos Plans de formación dual	750.000,00
	A.2.6	Orde contratación perceptores/as RISGA polos concellos	7.698.398,00
	A.2.7	Programa "Posta a punto para o emprego"	1.500.000,00
	A.2.8	Programas inserción laboral persoas con discapacidade (Emprega Discapaidade e Formac dual en CEE)	4.480.000,00
	A.2.9	Axudas emprego autónomo e profesional	12.200.000,00
	A.2.10	Axudas conciliación autónomos/as	800.000,00
	A.2.11	Promoción de proxectos de emprego locais	0,00
	A.2.12	Promoción da conciliación da vida persoal, familiar e laboral	0,00
	TOTAL A2		39.630.553,49
A.3 Medidas de acción comunitaria, voluntariado e inclusión social	A.3.1	Plan Proxecta de fomento da igualdade nas aulas	0,00
	A.3.2	Programas comunitarios promoción igualdade e conciliación	1.975.000,00
	A.3.3	Prevención e atención soildade non desexada	0,00
	A.3.4	Fomento do Voluntariado Dixital (VOLTIX)	18.000,00
	TOTAL A3		1.993.000,00
A.4 Medidas para un rural incluído e inclusivo	A.4.1	Ampliación número de casas do maior	2.026.500,21
	A.4.2	Estensión redes de banda larga en entidades singulares	1.919.376,80
	A.4.3	Extensión redes telefonía móvil en núcleos rurais e illados	1.000.000,00
	A.4.4	Bonificación no transporte	0,00
	A.4.5	Taxteta xente nova	4.800.000,00
	A.4.6	Axudas para rehabilitación de vivendas	492.037,00
	A.4.7	Mellora infraestruturas rurais	12.000.000,00
	A.4.8	Implantación medida Leader servizos no rural	3.000.000,00
	A.4.9	Proxecto piloto "Horta: capacitación laboral na agricultura"	198.516,71
	A.4.10	Actuacions desenvolvemento da Lei de recuperación e posta en valor de terras agrarias	5.032.237,29
	A.4.11	Laboratorios cooperativos no rural	400.000,00
	A.4.12	Impulso de medidas para evitar a exclusión financeira	180.225,00
	A.4.13	Axudas adquisición de vivenda menores 35 anos	800.000,00
	A.4.14	Premios dinamización demográfica	75.000,00
	TOTAL A4		31.923.893,01
A.5 Medidas de promoción da educación e alfabetización dixital para a inclusión	A.5.1.	Proxecto "INC- Conecta" (Inclusión social telemática)	0,00
	A.5.2.	Axudas conexión dixital a fogares vulnerables	0,00
	A.5.3.	Programas alfabetización dixital (formación adaptada)	0,00
	A.5.4.	Alfabetización dixital Rede CeMIT	1.239.075,09
	A.5.5	Certificación galega de competencias dixitais	9.000,00
	TOTAL A5		1.248.075,09
TOTAL MEDIDAS DE PROMOCIÓN DE ACCESO E EXERCICIO EFECTIVO DE DEREITOS			185.737.551,59

B.- Medidas orientadas a atender factores de vulnerabilidade e exclusión concretos, tanto en clave preventiva como dirixidas a reducir a súa incidencia nas persoas e familias afectadas

	Medida	Denominación	2021
B.1 Medidas de abordaxe da pobreza enerxética	B.1.1	Programa Axudas Rehabilitación Enerxética	5.500.000,00
	B.1.2	Axudas urxentes AUX evitar cortes subministración	1.300.000,00
	B.1.3	Plan Renove electrodomésticos fogares vulnerables	2.000.000,00
	B.1.4	Bono social térmico	6.340.546,96
TOTAL B1			15.140.546,96
B.2 Medidas de apoio á renda	B.2.1	Axilización da RISGA ata 50%	44.586.752,00
	B.2.2	Axilización AIS ata 50%	4.500.000,00
	B.2.3	Modificacións normativa RISGA	0,00
	B.2.4	Axilización tramo inserción da RISGA -HSUE	0,00
	B.2.5	Anticipios AIS fogares con menores	0,00
	B.2.6	Prórroga Tarxeta Básica	23.300.000,00
	B.2.7	Campaña divulgación conta bancaria básica	9.350,00
	B.2.8	Impulso bonificación IBI	0,00
	B.2.9	AES dos concellos como prestacións	0,00
	B.2.10	Exencións e bonificacións concellos	0,00
	TOTAL B2		
B.3 Medidas de atención á dependencia	B.3.1	Reforzo SAF dependencia	95.649.595,00
	B.3.2	Implantación teleasistencia avanzada	1.400.520,00
	B.3.3	Simplificación de acceso á dependencia	
TOTAL B3			97.050.115,00
B.4 Medidas de inclusión residencial	B.4.1	Proxecto "Na Casa", recursos residenciais estables	900.000,00
	B.4.2	Plan piloto transformación zona de intervención social	0,00
	B.4.3	Programas de Acompañamiento a mulleres sen fogar	0,00
	B.4.4	Programa atención ao risco de perda da vivenda	864.695,00
	B.4.5	Intermediación inmobiliaria	0,00
	B.4.6	Incremento prazas acollida básica	662.819,00
	B.4.7	Axudas acceso a vivenda en aluguer	6.694.605,00
	B.4.8	Axudas rehabilitación de vivenda	947.111,47
	B.4.9	Impulso Empadroamento persoas sen fogar	0,00
TOTAL B4			10.069.230,47
B.5 Medidas de abordaxe da violencia de xénero	B.5.1	Plan Proxecta Igualdade nas aulas	0,00
	B.5.2	Promoción nos concellos de políticas igualdade	0,00
	B.5.3	Axudas alugueiro a mulleres víctimas de violencia xénero	1.747.200,00
	B.5.4	Programas tratamiento da violencia de xénero	4.569.016,00
TOTAL B5			6.316.216,00
TOTAL MEDIDAS PARA ATENDER FACTORES DE VULNERABILIDADE CONCRETOS			200.972.210,43

C.- Outras medidas de carácter xeral e para a mellora cualitativa das Administracións públicas e o seu funcionamento			
	Medida	Denominación	2021
C.1. Medidas para a mellora da planificación e xestión dos Servizos Sociais	C.1.1	Creación Mapa interactivo Xeosocial	0,00
	C.1.2	Actualización módulos económicos profesionais de SS.SS.	0,00
	C.1.3	Incremento partida de persoal e programas Plan Concertado	14.199.909,00
	C.1.4	Enquisa a persoas usuarias dos Servizos Sociais comunitarios	0,00
	C.1.5	Extensión e perfeccionamento da Historia Social Única	945.574,34
	C.1.6	Proxecto de Modernización tecnolóxica dos servizos sociais	0,00
	C.1.7	Actualización e implantación do Modelo Inclúe	0,00
	C.1.8	Axilización substitucións traballador/a sociais nos concellos	0,00
	C.1.9	Impulso mellora financiamento estrutural concellos	0,00
	C.1.10	Creación Grupo traballo estudo dos Servizos Sociais	0,00
TOTAL C1			15.145.483,34
C.2. Medidas de reforzo da coordinación e cooperación entre AA PP	C.2.1	Dinamización grupos Axenda Social	0,00
	C.2.2	Coordinación entre AAPP e simplificación burocrática	0,00
TOTAL C2			0,00
C.3 Medidas de reforzo do Terceiro sector en	C.3.1	Impulso lei Terceiro sector social de Galicia	0,00
	TOTAL C3		
C.4 Medidas de colaboración con outros axentes	C.4.1.	Convenios entidades financeiras vivendas	326.100,00
	TOTAL C5		
C.5 Medidas para a innovación e mellora do coñecemento	C.5.1	Estudo da situación do senfogarismo en Galicia	0,00
	C.5.2	Formación profesionais dos Servizos Sociais	0,00
	C.5.3	Avaliación final EIS Galicia 2014-2020	0,00
	C.5.4	Innovación envellecemento saudable	0,00
	TOTAL C6		
TOTAL MEDIDAS PARA A MELLORA CUALITATIVA DAS ADMINISTRACIÓNES PÚBLICAS			15.471.583,34

ANEXO. CADRO DE INDICADORES

A	MEDIDAS DIRIXIDAS A PROMOVER QUE AS PERSOAS E GRUPOS EN RISCO OU SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE FAGAN EFECTIVO O SEU ACCESO AOS SERVIZOS PARA O EMPREGO, SAÚDE, SOCIAIS, DE PARTICIPACIÓN SOCIAL E COMUNITARIA, ENTRE OUTROS, EN ARAS A PROMOVER O EXERCICIO DOS SEUS DEREITOS EN CADA UN DESTES ÁMBITOS	
A.1	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á INFANCIA E ADOLESCENCIA EN VULNERABILIDADE OU POBREZA	
A.1.1	Exención cómputo pensión de alimentos na RISGA	Nº de fogares monoparentais perceptores da RISGA beneficiados
A.1.2	Programa Caixa Proinfancia	Nº de familias beneficiarias Programa Caixa Proinfancia
A.1.3	Universalización educación 0-3 anos	Nº de prazas 0-3 anos en centros públicos de Galicia
A.1.4	Creación rexistro familias monoparentais	Existencia do Rregistro de familias monoparentais
A.1.5	Mantemento apoio rede de atención temperá	Nº de concellos con unidades de Atención Temperá
A.1.6	Axudas para adquisición de libros de texto e material	Orzamento executado en axudas de material e libros Nº de alumnos/as destinatarios/as das axudas
A.1.7	Programas de fomento do éxito escolar	Nº de centros públicos participantes no Programa ARCO Nº de centros financiados con fondos públicos participantes no Programa PROA+
A.1.8	Programa fomento de hábitos saudables infancia/adolescencia	Nº de programas locais en desenvolvemento Nº de persoas participantes
A.1.9	Programas sociosanitarios atención trastorno mental	Nº de programas subvencionados Nº de persoas beneficiarias

A.2 MEDIDAS PARA UN MERCADO LABORAL INCLUSIVO

A.2.1	Recoñecemento risco exclusión non perceptoras RISGA	Existencia dun protocolo/circular para axilización e recoñecemento da valoración	Si/Non
A.2.2	Ferramenta de análise avanzada mercado laboral	Existencia da ferramenta de análise avanzada de detección de necesidades	Si/Non
A.2.3	Programas inclusión concellos (Orde DX Inclusión)	Nº de programas subvencionados Nº de concellos que reciben apoio aos seus programas	Ano natural
A.2.4	Programas inclusión entidades (Orde DX Inclusión)	Nº de programas subvencionados Nº de entidades de iniciativa social que reciben apoio aos seus programas	Ano natural
A.2.5	Ampliación Plans de formación dual	Nº de centros en Galicia con Plans de Formación Dual Nº de Plans de Formación Dual ofertados en Galicia Nº de alumnos/as en Plans de Formación Dual en Galicia	Curso escolar
A.2.6	Orde contratación perceptores/as RISGA	Nº de persoas perceptoras da RISGA contratadas por concellos	Ano natural
A.2.7	Programa Posta a Punto perceptores/as RISGA	Nº de persoas perceptoras da RISGA contratadas por entidades de iniciativa social	Ano natural
A.2.8	Programas inserción laboral persoas con discapacidade (Emprega Discapacidade e Formación dual en CEE)	Nº de persoas con discapacidade contratadas a través do Programa Emprega Nº de CEE participantes no piloto de Formación Dual	Ano natural
A.2.9	Axudas emprego autónomo e profesional	Importe executado en axudas a profesionais autónomos Nº de contratos asociados ás axudas destinadas a autónomos/as	Ano natural
A.2.10	Axudas conciliación autónomos/as	Nº de autónomos/as beneficiarios das axudas Importe executado	Ano natural
A.2.11	Promoción de proxectos de emprego locais	Nº de concellos con liñas de apoio técnico e económico para proxectos locais de emprego e autoemprego	Ano natural
A.2.12	Promover a conciliación	Nº de concellos con medidas específicamente dirixidas a promover a conciliación	Ano natural

A3 MEDIDAS DE ACCIÓN COMUNITARIA, VOLUNTARIADO E INCLUSIÓN SOCIAL

A.3.1	Plan Proxecta de fomento de voluntariado na comunidade escolar	Nº de centros educativos onde se desenvolven proxectos do Plan Proxecta, de voluntariado	Curso escolar
A.3.2	Programas comunitarios promoción igualdade e conciliación	Nº de concellos nos que se desenvolvieron programas comunitarios de conciliación e fomento da igualdade Importe executado en programas de sensibilización e promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero	Ano natural
A.3.3	Prevención e atención soildade non desexada	Implantación do sistema de prevención e atención da soildade non desexada	Si/Non
A.3.4	Fomento do Voluntariado Dixital (VOLTIX)	Nº de persoas voluntarias dixitais	Ano natural

A4 MEDIDAS PARA UN RURAL INCLUÍDO E INCLUSIVO

A.4.1	Ampliación número de casas do maior	Nº de casas do maior	Ano natural
A.4.2	Extensión redes de banda larga en entidades singulares	% de poboación rural galega que accede a fibra óptica	Ano natural
A.4.3	Extensión redes telefonía móvil en núcleos rurais e illados	% ZPP (municipios segundo grao de urbanización IGE) que accede a fibra óptica	Ano natural
A.4.4	Bonificación no transporte	Nº de persoas beneficiarias da Tarxeta de Mobilidade Galega	Ano natural
A.4.5	Taxeta Xente Nova	Nº de persoas beneficiarias da Taxeta Xente Nova	Ano natural
A.4.6	Axudas para rehabilitación de vivendas	Importe executado en axudas para reparación de infravivendas Nº de vivendas de titularidade municipal rehabilitadas para alugueiro social	Ano natural
A.4.7	Mellora infraestruturas rurais	Nº de concellos beneficiarios das mellorías de infraestruturas	Ano natural
A.4.8	Implantación medida Leader servizos no rural	Nº de concellos onde se desenvolven medidas Leader	Ano natural

A.4.9	Proxecto piloto Horta: capacitación laboral na agricultura	Nº de persoas participantes do Proxecto Horta % de participantes que acceden ao emprego no mercado laboral ordinario	Ano natural
A.4.10	Actuacións desenvolvemento da Lei de recuperación e posta en valor de terras agrarias	Existencia de norma de desenvolvemento	Si/Non
A.4.11	Laboratorios cooperativos no rural	Nº de participantes nos procesos de formación e acompañamiento Nº de cooperativas ou sociedades laborais creadas como resultado do Laboratorio	Ano natural
A.4.12	Impulso de medidas para evitar a exclusión financeira	Nº de concellos nos que se instalaron caixeiros, con servizos de asistencia financeira	Ano natural
A.4.13	Axudas para adquisición de vivenda rural menores de 35 anos	Nº de persoas beneficiarias das axudas Importe executado en axudas para adquisición de vivenda rural menores de 35 anos	Ano natural
A.4.15	Premios á dinamización demográfica	Nº de concellos que presentan candidatura	Ano natural

A5 MEDIDAS DE PROMOCIÓN DA EDUCACIÓN E ALFABETIZACIÓN DIXITAL PARA A INCLUSIÓN

A.5.1	Proxecto INC-Conecta (Inclusión Social telemática)	Nº de dispositivos entregados Nº de persoas beneficiarias	Ano natural
A.5.2	AIS conexión dixital fogares vulnerables	Nº de AIS concedidas para conectividade	Ano natural
A.5.3	Programas alfabetización dixital (formación adaptada)	Nº de cursos de Alfabetización dixital realizados Nº de persoas formadas en competencias dixitais Nº de cursos de competencias clave Nº de persoas participantes nos cursos de competencias clave	Ano natural
A.5.4	Alfabetización dixital Rede CeMIT	Nº de persoas usuarias das actividades organizadas nas Aulas CeMIT	Ano natural
A.5.5	Certificación galega de competencias dixitais	Nº de certificacións emitidas Nº de actividades de teleformación organizadas para a obtención da certificación	Ano natural

B.- MEDIDAS ORIENTADAS A ATENDER FACTORES DE VULNERABILIDADE E EXCLUSIÓN CONCRETOS, TANTO EN CLAVE PREVENTIVA, COMO DIRIXIDAS A REDUCIR A SÚA INCIDENCIA NAS PERSOAS E FAMILIAS AFECTADAS

B1 MEDIDAS DE ABORDAXE DA POBREZA ENERXÉTICA

B.1.1	Programa de axudas para rehabilitación enerxética	Nº de vivendas obxecto de rehabilitación	Ano natural
B.1.2	Axudas urxentes Aux- evitar cortes subministración	Importe executado Nº de familias beneficiarias	Ano natural
B.1.3	Plan Renove electrodomésticos en fogares vulnerables	Nº de familias beneficiarias	Ano natural
B.1.4	Bono social térmico	Nº de familias beneficiarias	Ano natural

B2 MEDIDAS DE APOIO Á RENDA

B.2.1	Axilización da RISGA ata 50%	Tempo promedio de tramitación desde a presentación da solicitude ata a resolución (en días)	Ano natural
B.2.2	Axilización AIS ata 50%	Tempo promedio de tramitación desde a presentación da solicitude ata a resolución (en días)	Ano natural
B.2.3	Modificacións normativa RISGA	Publicación de normativa modificadora ou nova normativa de regulación	Si/Non
B.2.4	Axilización tramo inserción da RISGA -HSUE	Tempo promedio de tramitación do acceso ao tramo de inserción	Ano natural
B.2.5	Anticipos AIS fogares con menores	Nº de familias beneficiarias	Ano natural
B.2.6	Prorroga da Tarxeta básica	Nº de tarxetas entregadas Nº de fogares beneficiarios segundo a súa composición	Ano natural
B.2.7	Accións de divulgación conta bancaria básica sen comisións	Nº de accións formativas realizadas Nº de participantes (profesionais) Nº de participantes (persoas en situación de vulnerabilidade)	Ano natural

B.2.8	Impulso bonificación IBI	Existencia de regulación normativa que permita bonificar o IBI da vivenda habitual	Si/Non
B.2.9	AES concellos como prestacións	Nº de concellos que ofertan AES Tempo medio de tramitación desde solicitude ata concesión (en días)	Ano natural
B.2.10	Exencións e bonificacións concellos vulnerabilidade económica	Nº de concellos con exencións totais ou parciais de impostos ou taxas a poboación vulnerable	Ano natural

B3 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA			
B.3.1	Reforzo SAF dependencia	Variación no orzamento anual dispoñible	Ano natural
B.3.2	Implantación teleasistencia avanzada	Nº de persoas dependentes beneficiarias do servizo de teleasistencia avanzada	Ano natural
B.3.3	Simplificación do acceso á Dependencia	Tempo medio que transcorre entre a solicitude e a resolución de acceso ou non	Ano natural
B4 MEDIDAS DE INCLUSIÓN RESIDENCIAL			
B.4.1	Proxecto "Na casa", recursos residenciais estables	Nº de vivendas dispostas Nº de persoas usuarias das vivendas	Ano natural
B.4.2	Plan piloto transformación zona de intervención social	Piloto implementado	Si/Non
B.4.3	Programas de Acompañamiento a mulleres sen fogar	% de implementación dos programas nas sete cidades Nº de mulleres usuarias	Ano natural
B.4.4	Programa de Atención ao risco de perda vivenda	Nº de familias atendidas Nº de profesionais asignados/as ao programa	Ano natural
B.4.5	Intermediación inmobiliaria	Nº de programas financiados a concellos e entidades de iniciativa social Nº de persoas/ familias beneficiarias directas	Ano natural
B.4.6	Incremento prazas de acollida básica	Nº de prazas de acollida básica en Galicia	Ano natural

B.4.7	Axudas acceso a vivenda en aluguer	Nº de persoas beneficiarias do bono de alugueiro social Nº de persoas que acceden ao complemento para completar o pago total do alugueiro Nº de persoas das axudas para o pagamento do alugueiro	Ano natural
B.4.8	Axudas rehabilitación de vivenda	Nº de vivendas rehabilitadas en concellos de menos de 20.000 habitantes Nº de vivendas rehabilitadas para accesibilidade das persoas con discapacidade	Ano natural
B.4.9	Impulso empadroamento persoas sen fogar	Nº de persoas sen fogar empadroadas no lugar de localización (Enquisa PSH-Galicia)	Ano natural
B.4.10	Proxectos locais de dinamización do pequeno comercio	Nº de concellos con medidas de apoio a comercio local	Ano natural

B5 MEDIDAS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E DE ABORDAXE DA VIOLENCIA DE XÉNERO

B.5.1	Plan Proxecta Igualdade nas aulas	Nº de centros educativos sobre o total onde se desenvolvem programas de promoción da igualdade	Curso escolar
B.5.2	Políticas de igualdade nos concellos galegos	Nº de concellos galegos con políticas de igualdade implantadas	Ano natural
B.5.3	Axudas alugueiro a mulleres vítimas de violencia de xénero	Nº de mulleres víctimas de violencia que acceden á vivenda a través do bono	Ano natural
B.5.4	Programas tratamiento da violencia de xénero	Nº de mulleres participantes en itinerarios personalizados Nº de mulleres víctimas de violencia de xénero atendidas	Ano natural

C.- OUTRAS MEDIDAS DE CARÁCTER XERAL E PARA A MELLORA CUALITATIVA DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E O SEU FUNCIONAMENTO

C1 MEDIDAS PARA A MELLORA DA PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS		
C.1.1 Creación mapa interactivo Xeosocial	Existencia do mapa interactivo	Si/Non
C.1.2 Actualización módulos económicos profesionais de SS.SS.	Porcentaxe de variación dos módulos económicos do persoal	Ano natural
C.1.3 Incremento partida de persoal e programas Plan Concertado	Porcentaxe de variación do orzamento destinado respecto do ano anterior	Ano natural
C.1.4 Enquisa usuarios/as programas de SS.SS. comunitarios	Nº de enquisas realizadas Existencia do informe final de resultados	Si/Non
C.1.5 Extensión e perfeccionamento da HSUE	Nº de novos ámbitos sectoriais de integración Nº de concellos usuarios da HSUE	Ano natural
C.1.6 Proxecto de modernización dos Servizos sociais	Nº de dispositivos de firma biométrica adquiridos Nº de novos ámbitos sectoriais de integración	Ano natural
C.1.7 Actualizar e implantar modelo Inclúe	Modelo validado científicamente Acceso HSUE resumida entidades sociais	Si/Non
C.1.8 Axilización substitucións traballador/a sociais	Existencia de listaxes comúns entre concellos para substitucións de traballadores/as sociais	Ano natural
C.1.9 Impulso mellora financiamento estrutural concellos	Incorporación dos criterios de dispersión e envellecemento no reparto dos fondos europeos e estatais	Ano natural
C.1.10 Creación Grupo traballo estudio SSSS	Grupo creado Informe/s de necesidades dos servizos sociais de Galicia	Si/Non

C2 MEDIDAS DE REFORZO DA COORDINACIÓN E COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA

C.2.1	Dinamización dos grupos da Axenda Social	Nº de reunións dos grupos da axenda	Ano natural
C.2.2	Coordinación entre AAPP e simplificación burocrática	Novos ámbitos de coordinación multinivel desenvolvidos	Ano natural

C3 MEDIDAS DE REFORZO DO TERCEIRO SECTOR PRESTADOR DE SERVIZOS SOCIAIS EN GALICIA

C.3.1	Impulso da Lei do Terceiro sector social de Galicia	Existencia do proxecto de lei	Si/Non
-------	---	-------------------------------	--------

C4 MEDIDAS DE COLABORACIÓN CON OUTROS AXENTES

C.4.1	Convenios con entidades financeiras vivendas	Nº de vivendas dispostas para alugueiro por parte das entidades financeiras	Ano natural
-------	--	---	-------------

C5 MEDIDAS PARA A INNOVACIÓN E MELLORA DO COÑECEMENTO

C.5.1	Estudo persoas sen fogar Galicia	Existencia do estudo publicado	Si/Non
C.5.2	Formación profesionais Servizos Sociais	Nº de actividades de xestión do coñecemento ofertadas	Ano natural
C.5.3	Avaliación final EIS Galicia 2014-2020	Existencia do documento final de avaliação	Si/Non
C.5.4	Innovación envellecemento saudable	Nº de novos programas en envellecemento activo e saudable promovidos	Ano natural



Xacobeo 21·22



XUNTA
DE GALICIA

